

As protestas logran paralizar os proxectos mineiros de Corcoesto e A Limia



**O SLG defende en
Bruxelas un
control alternativo
da produción
diante da fin das
cotas leiteiras**

(Páxs. 16 e 17)



Pinga a pinga, a Xunta foi deixando caer negativas aos proxectos mineiros da Limia e Corcoesto. Previamente, fortes mobilizacións cidadás nas que estivo fondamente implicado o Sindicato Labrego Galego (na imaxe, marcha en Carballo contra a mina de Corcoesto, o 14

de abril), expresaban o rexeitamento xeneralizado a un xeito de explotar a terra que só busca o lucro inmediato para beneficio dunhas poucas empresas a costa de arruinarlles o seu medio de vida a miles de familias que viven e dan vida ao noso medio rural.

Páx. 4

O cambio climático marca a vendima e as campañas na horta e na pataca

As excesivas choivas da primavera fixeron moi difícil o traballo nas explotacións de horta e arruinaron a pataca de semente en moitos plantíos da Limia. Despois, coa seca do verán, varios cultivos viron truncado o seu ciclo natural e o seu punto de madurez modificado. Tampouco os viñedos liscaron das irregularidades:

esta vendima foi das máis tardías que se lembran e tivo que facerse de xeito moi irregular, aproveitando os poucos días secos que viñeron en outubro e pelexando contra a aparición de botrite, favorecida pola alta humidade ambiental. Todo isto tivo un impacto directo no acceso dos produtos ao mercado e nos prezos. Páxs. 24-25



do PP condena á pobreza severa do agro de hoxe e do futuro

trimonio, incluídos os políticos e políticas que lles prestaron o seu apoio. Eles e elas deben ser quen paguen en troques de expropiar a quen cotizou toda unha vida para ter unha pensión. Con pensións contributivas agrarias de pouco mais de 600 euros, e coa media de todas as galegas nuns 800 euros, é un atentado contra a nosa dignidade non revalorizalas co custe da vida.

Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos unha flagrante inxustiza que sectores económicos que foron historicamente discriminados, como a agricultura e a ganadería (recoñecido no artigo 130 da Constitución) non reciban unha atención especial dos poderes públicos. É inxusto que un labrego ou unha labrega teñan unha paga de miseria, vivindo nun medio rural sen os servizos básicos esenciais, incluídos aqueles dirixidos a persoas maiores. Ademais de inxusto, é inhumano que nunha profesión como a agraria, moi dependente da forza física e causante dun serio deterioro da saúde ao longo da vida laboral, o Goberno obligue a traballar alén dos 65 anos.

A esixencia de que o Goberno retire a reforma do sistema de pensións é un clamor. Dende o SLG consideramos de xustiza subir as pensións mínimas até os 800 euros e polo menos manter o poder adquisitivo. No caso de ter que facer algún recorte en épocas complicadas, ou de querer manter a proposta actual, esta só se debería

aplicar para aqueles e aquelas que, sumando o Plan Público e os privados, superen os salarios medios que, neste momento, están ao redor dos 20.000 euros ao ano.

Se nalgún momento a recadación fose inferior ao monto a pagar polas pensións, habería que sacar os cartos de partidas prescindíbeis dos orzamentos xerais ou da débeda xerada polas burbullas para non perder poder adquisitivo e manter unhas condicións de vida minimamente dignas ao final da nosa vida laboral, pois é de xustiza.

Pero como todo se mide polos votos e a postura cidadá sobre este e outros temas non importa, é imprescindible seguir loitando. A ver se somos capaces.



Paralizan as minas de Corcoesto e a Limia tralas fortes protestas sociais

Ademais, a Deputación de Lugo únese á loita contra os proxectos mineiros na Terra Chá e nos Ancares

Trala masiva manifestación contra a minaría salvaxe do 2 de xuño, o verán comezaba con dúas boas novas: a paralización do proxecto mineiro en Corcoesto e a denegación do permiso para extraer feldespatos na Limia. Ademais, o SLG conseguiu implicar á Deputación de Lugo na loita contra os proxectos mineiros que afectan ás reservas da biosfera de Ancares e Terras do Miño. Aínda que as comunidades afectadas desconfían das palabras da Xunta, está claro que a ampla oposición social á explotación mineira indiscriminada na Galiza está empezando a obter os seus froitos.

A primeira das novas producíase o 11 de xuño, cando o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciaba que non se autorizaba a mina de feldespatos da Limia -Faramontaos 5089.1 promovida por Minecer SL- porque “non cumpre as normas e interrompe a actividade de 246 explotacións agrarias”.

Estas declaracións viñan despois de que o Sindicato Labrego Galego denunciase, en febreiro, o impacto que o proxecto ía ter na actividade agraria e presentase alegacións contra o mesmo. Nese período de tempo, a veciñanza afectada realizou unha campaña de mobilizacións exemplar coordinada pola Plataforma Corno do Monte.

De todos xeitos, dende esta plataforma preferiron responder con cautela ás palabras de Feijóo, que matizaron cun comunicado. No escrito, aclaran que a licenza non estará denegada até que o faga oficialmente o Consello da Xunta e se publique no Diario Oficial de Galicia. Ademais, para Corno do Monte o problema persistirá mentres non se anule a concesión mineira.

En canto a Corcoesto, a Consellaría de Economía emitiu un comunicado, o 9 de xullo, no que dicía non autorizará o proxecto até que non se cumpran “as máximas garantías de viabilidade técnica e económica”. Finalmente, a mediados de outubro, a Consellaría de Economía iniciaba os trámites de cancelación do proxecto.

En Bergantiños, consideran esta decisión como “unha vitoria parcial froito da grande presión social”, pero piden máis e insisten en que seguirán “na loita” en tanto “non se produza a súa paralización definitiva e oficial”.

En base a isto, a Plataforma de Corcoesto solicitou a retirada do proxecto e a nulidade da Declaración de Impacto Ambiental. Pola súa banda, Salvemos Cabana critica que a Xunta só se fale de “rendibilidade económica”, pois “o único que lle pide á empresa, esencialmente, son máis caros, pero para nada se fala dos perigos para o entorno ou do arsénico”.



Margarida Prieto Ledo representou ao SLG no Órgano de Participación da Reserva da Biosfera dos Ánceres Lucenses, o pasado 30 de xullo

A Deputación de Lugo dá un paso adiante contra as minas da man do SLG

Os proxectos mineiros da provincia de Lugo tampouco o van ter doado. Grazas a unha iniciativa do SLG realizada a finais de xullo, a través da súa coordinadora da loita contra as minas, Margarida Prieto, a Deputación tomou partido para oporse á minaría salvaxe en todo o territorio que abranguen as reservas da biosfera de Ancares Lucenses e Terras do Miño, que ascende a máis de 400.000 hectáreas e supón o 42% do territorio da provincia.

A Reserva dos **Ancares** está afectada por un proxecto da empresa canadense Goldquest Ibérica, que afecta 12.000 hectáreas na Fonsagrada, Baleira, Baralla e Becerreá. Nos escritos presentados polo SLG e aprobados polo Órgano Rector da Reserva, pedíase que esta emitise un informe, dirixido á Consellaría de Industria, no que se detallase o impacto dos proxectos mineiros e todos os aspectos nos que batan coa protección deste espazo singular.

Dende o Órgano Rector confirmouse que a Consellaría de Industria non solicitou ningún informe á Reserva, polo que se personará como parte interesada, emitirá o correspondente informe e presentará alegacións.

En canto á Reserva **Terras do Miño**, os proxectos de extracción de cuarzo de Erimsa ameazan Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Vilalba e Abadín. Se ben a Xunta denegou o permiso de explotación, o futuro Plan de Actividades Extractivas podería legalizar que Erimsa siga adiante cos seus proxectos.

A implicación directa da Deputación de Lugo ten grande importancia porque, até agora, se limitaba a informar os expedientes dos proxectos que afectaban a estradas provinciais. Ademais, a loita contra as minas só contou co único apoio institucional dalgúns concellos afectados, pero nunca cun ente de ámbito provincial.

O SLG amplía a súa oferta de seguros con produtos específicos para o sector agrogandeiro

O Sindicato Labrego Galego, a través do seu mediador de seguros, vén de sumar á súa oferta de seguros agrarios unha nova gama de produtos especializados no sector agrogandeiro. Seguros para automóbiles, tractores, responsabilidade civil do gando, explotacións agrícolas e gandeiras e seguros do fogar rural adaptados á túa actividade.

Agromutua, a nosa entidade aseguradora no sector agrario, avala este novo servizo que amplía a nosa oferta de seguros gandeiros e agrícolas aos teus bens e medios de produción. En calquera das nosas oficinas poderemos informarte sobre as vantaxes económicas que representan estes seguros.



Achégate a consultarnos e recibirás como agasallo unha lanterna autorrecargable de dobre led.

AGARDÁMOSTE!



NOVOS TEMPOS, NOVA AGROMUTUA

Queremos estar ao teu carón cando máis nos necesites.

Confía en **AGROMUTUA** para asegurar as cousas que realmente importan na vida.

902 50 44 43

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es



AGROMUTUA
O Noso Seguro en Todos os Campos



**NOVOS
SEGUROS
AGROMUTUA**



Riscos laborais cos remolques e cargadores frontais

Sección cofinanciada por:



XUNTA
DE GALICIA

O remolque é o apeiro máis empregado para o tractor. Existen diferentes tipos en número, disposición das rodas, materiais de construción, tara e capacidade de carga, así como estado de conservación e dotación de medios de seguridade. A meirande parte dos riscos están presentes nos modelos que carecen de enganche directo e precisan doutra persoa para suxeitar a lanza durante os labores de acoplamento e desacoplamento.

Tipos de risco	Factores de risco	Medidas preventivas
Caídas de persoas a diferente nivel.	■ Uso de accesos precarios para ascender e descender da cama do remolque (apoiándose nas rodas ou nas nervaduras das cartolas). ■ Insuficiente limpeza do gran do cereal sobre a chapa metálica do remolque. ■ Forza excesiva no lanzamento da paca cando se carga o remolque co aupapacas.	▶ Os remolques deberán ter accesos permanentes ata a cama, con estribos laterais e asas. ▶ Limpeza da cama e dos accesos ó remolque de cereais, abono, lama. ▶ Extremar as precaucións cando se efectúe o tendido de lonas nos días de vento forte. ▶ Coordinación entre as persoas que manipulan o aupapacas e os que amorean enriba do vehículo. ▶ Nunca se deterá frontalmente unha paca.
Caídas de obxectos desprendidos / Golpes de obxectos ou ferramentas.	■ Carga-descarga incorrecta do remolque. ■ Uso non axeitado dos cargadores. ■ Amoreamentos mal feitos.	▶ Amoreamentos estables. ▶ Circular coa forcada en posición axeitada, segundo o caso.
Atrapamentos por/entre obxectos.	■ Carecer de enganche directo. ■ Subida ás cartolas na súa montaxe. ■ Enganche-desenganche do tractor, sen as debidas medidas de seguridade. ■ Transmisión por cadeas, correas, etc. ó descuberto. ■ Situación dunha persoa no percorrido do mecanismo cando carga o remolque co aupapacas.	▶ Emprego de sistemas de enganche seguros. ▶ Protexer engrenaxes e órganos de transmisións con carcasas. ▶ Gardar a proporcionalidade entre os distintos elementos (tractor, remolque e/ou cargador). ▶ Empregar sempre o pasador de seguridade. ▶ Empregar calzado de seguridade con punteira reforzada.
Atrapamentos por envorcaduras da máquina.	■ Nos remolques dun único eixe, xiro brusco en torno ó eixe no sentido do extremo que porte máis peso.	▶ Nos remolques dun único eixe, non desenganchar remolques parcial ou totalmente cargados. ▶ Formación en métodos de traballo seguros. ▶ Amoreamento estable e seguro. ▶ Suxeición correcta.
Sobreesforzos.	■ Carga-descarga remolque.	▶ Formar ó operario na manipulación manual de cargas. ▶ Uso de cinto e faixa.
Accidente de Tráfico.	■ Enganche do remolque no punto máis alto para incrementar o rendemento da tracción, cando vai o remolque sobrecargado. ■ Velocidades excesivas en terreos con moita pendente. ■ Deficiente alumeado e/ou sinalización do remolque. ■ Carencia dos faros traseiros, avariados ou cegados por lixo.	▶ O remolque deberá pasar as ITV. ▶ Non sobrecargar o remolque. ▶ Recomendación de non superar o 1,5 do peso do tractor nas vías en bo estado. ▶ Enganchar o remolque ó tractor no punto máis baixo sinalado polo fabricante. ▶ Nunca desprazar o tractor en punto morto. ▶ Conectar o xirofaro. ▶ Comprobar periodicamente os freos, os intermitentes e as luces de freado. ▶ Respectar o Código de Circulación. ▶ Información/formación sobre o modelo do tractor e remolque a empregar (Manual de Instrucións do fabricante).

As revisións catastrais disparan taxas como o IBI ou a Contribución

O SLG asesora e dá apoio á afiliación afectada por subas moitas veces desmesuradas ou erróneas

Co gallo da crise económica e da necesidade de recadar máis, o Ministerio de Facenda está a forzar a revisión do catastro en Galiza. Deste xeito, o Goberno pretende actualizar impostos como o de

bens inmobles (IBI) ou o da Contribución. Así, a revisión catastral fíxose en 19 concellos galegos dende o ano 2009, e farase noutros 17 só no 2014: Coto- bade, Portas, Salvaterra e Vilagarcía na

provincia de Pontevedra; Cenlle e Laza na de Ourense; e en Bergondo, Boimorto, Cedeira, Dodro, Moeche, Muros, Muxía, Ordes, Sobrado, Touro e Zas na Coruña.

As revisións catastrais feitas están a variar moito entre concellos. De todos eles, no que máis se notou foi en Ordes (A Coruña), onde o valor catastral dos inmobles aumentou, en teoría, un 33%. Sen embargo, o Sindicato Labrego tivo que intervir, a través da súa coordinadora na comarca, María Vieites, ao producirse subas abusivas e inxustificadas de impostos como o da Contribución. Estes abusos producíronse ao aplicar o imposto ás cortes, alpendres e outras instalacións agrarias e en incrementos desproporcionados dos importes a pagar. Sirvan como exemplos o dun afiliado do SLG que pagaba 200 euros de Contribución, e agora lle reclama-

ban 920; ou o dunha persoa que pagaba 300 euros, e agora lle pedían 2.549. A maiores, segundo denunciou María Vieites, “ás explotacións agrarias lles imputaban un uso industrial, co cal non tiñan dereito ás bonificacións por ser de uso agrícola”.

Para poder facer fronte a esta problemática, dende o Sindicato Labrego recompilamos os datos das persoas afectadas entre a nosa afiliación e prestámoslles asesoramento. Despois, coas cifras na man, mantivemos unha xuntanza con técnicos do Catastro o 24 de setembro. Nesta reunión, recoñeceron que os cartos que se reclamaban eran moi superiores aos valores catastrais de referencia e admitiron que se



María Vieites mantivo un encontro con persoal técnico da Deputación da Coruña para denunciar as subas abusivas das taxas provinciais

trataba de erros. En consecuencia, María Vieites contactou coa Deputación da Coruña, responsable de recadación do imposto da Contribución, que se comprometeu a anular eses recibos.

A pesares de que eses recibos con erros foron eliminados, dende o SLG reclamamos tamén que os alpendres, cortes e outros inmobles de uso agrícola estean exentos de pagar a Contribución.

Valores catastrais que pasan dos 15.000 aos 100.000 euros dun día para outro na Estrada

Outro concello onde houbo grande polémica coa revisión deste tipo de impostos foi na Estrada (Pontevedra) co IBI. En 2012, o concello suprimiu a bonificación do 37'5% que existía neste trabuco e subiu o tipo impositivo do 0'4% ao 0'5%. En 2013, mantivéronse as tarifas sen bonificación, e o tipo subiu ao 0'6%. Todas estas subas e supresión de bonificacións provocaron incrementos do IBI de até o 140%.

Na revisión dos valores catastrais aconteceu outro tanto. Brais López, coordinador do SLG na Estrada, tivo constancia de casas que pasaron de valores catastrais de 15.000 euros a 70.000 e 100.000.

Para o SLG, é intolerable que estes incrementos se lles apliquen a familias que

viven da actividade agrícola, máxime nun contexto no que os custes de produción xa consumen o 93% dos cartos que entran nunha explotación gandeira.

Ademais, dende o Sindicato Labrego lembramos que os concellos teñen a posibilidade de bonificar o IBI até nun 90% en “asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente en áreas ou zonas consolidadas”. Dende logo, este suposto para bonificar até nun 90% o IBI é aplica-

ble á práctica totalidade do medio rural galego.

Un caso particular da Estrada é o que afecta ás persoas propietarias de fincas na parroquia de Lagartóns. Alí, a Xunta ten proxectado construír a Cidade do Moble. Para iso, recalificáronse tódolos terreos, que pasaron de rústicos a industriais, de maneira que o valor catastral e impostos como o IBI se lles dispararon. O problema é que, por falta de fondos, o proxecto da Cidade do Moble ficou parado e, mentres as fincas seguen a toxos, os seus donos e as súas donas pagan por elas coma se fosen solares urbanizables. Dende o SLG, estáselle prestando apoio e asesoramento xurídico á veciñanza afectada.



Moncho Valcarce: o seu exemplo de compromiso e loita segue vivo

Pontoxo acolleu unha homenaxe no vixésimo aniversario do pasamento do crego das Encrobas

O 31 de agosto, as Encrobas volveron ser o eido no que centos de persoas se congregaron para expresar con orgullo o seu amor á terra. Hai 35 anos, expresárono a través da loita contra a usurpación desa

terra pola eléctrica Fenosa. En 2013, fixérono para homenaxear a un dos artífices daquela resistencia de bágoas e puños erguidos, Moncho Val-

carce, no vinte aniversario do seu pasamento. Poesía, música, sentidas palabras pero, sobre todo, a emoción e calor dos amigos e das amigas en cuxos corazóns e memoria aínda latexa Moncho.

A homenaxe comezou cunha ofrenda floral a cargo de María Pardo Barbeito, afiliada ao SLG que ten denunciado a contaminación da central térmica de Meirama, e Gumersindo Campaña, membro da Irmandade Moncho Valcarce e amigo do crego das Encrobas.

Trala ofrenda, Campaña lembraría a figura dun Moncho Valcarce “bo e xeneroso” que “ben merecería figurar na Santa Compañía dos grandes galegos da alba de gloria que soñou Castelao”. Como non podía ser menos, os recordos tamén recalaron na loita das Encrobas, onde Moncho encabezaba as protestas “despois de ir polas portas para que a xente subise ao monte. Estivo nas Encrobas, como estivo despois en Baldaio, en Xove, nas Enchousas e noutras loitas simbólicas do nacionalismo”.

Á imaxe dun Moncho Valcarce “comprometido, militante de esquerdas, sindicalista das Comisións Labregas, nacionalista e revolucionario”, Campaña engadiu a do “místico”, como



se había descubrir recentemente coa publicación dos seus diarios. Tras esta introdución, que remataría co Credo Galego -escrito por Bernardo García Cendán e interpretado nesta homenaxe por Mini e

Mero-, sumaríanse máis voces nun recital poético para seguir facendo memoria de Moncho a través da palabra como Ramón Vilas, Pilar Pallarés, Manuel Lugo, Baldomero Iglesias, Domingo Martínez, Vitorino Pérez Prieto ou Luís Liñares.

Despois viría o xantar, ao que tamén se sumou a romaría labrega que -como cada ano- fai o SLG nas Encrobas coa afiliación da comarca, e á que asistiu tamén a secretaria xeral, Isabel Viallba Seivane, e membros da Executiva como Xosé Manuel Calvo Rei. Tralas viandas, continuaría a homenaxe coa intervención do presidente da Irmandade Moncho Valcarce, Ramón Muñiz, e a entrega dos premios en defensa da terra que levan o nome do crego das Encrobas, e que este ano recaeron en Manuel Lugo e no Museo do Pobo Galego. Trala entrega de galardóns, continuou a festa coa música do trío de Xosé Taboada, que tamén estivo presente na homenaxe poética da mañá, as pandereteiras das Encrobas, Lydia Botana “Bolboreta”, César Morán, Paco Campos e o grupo musical A Quenlla.

A homenaxe ao cura das Encrobas deste ano tivo de especial que, con ela, a Irmandade Moncho Valcarce quixo tamén pechar unha etapa “dun xeito de homenaxear a Moncho para procurar a outras formas de lembranza, de lealdade, de valoración e de cariño nas que perpetuaremos o seu recordo imperecedeiro, e aí seguiremonos vendo os que fixemos de Moncho Valcarce o noso alicerce e de Galiza o noso alicerce”.

Canto coral á memoria do heroe

Ramón Vilas



Poeta da veciña parroquia de Rodís (Cerceda)

O poema recitado por Ramón Vilas fala da loita social na Galiza de 1977, da realidade da época e do asasinato dunha activista a mans da ditadura de Videla: “a milleiros de quilómetros, o Atlántico devolvía ás costas arxentinas o corpo de Azucena Villaflor. Demostraba que a dignidade non afunde”. O poema remata falando do presente, e conclúe: “É 2013. Moncho Valcarce comproba dende Pontoxo como o vento afasta o fume da térmica cada 15 de febreiro. A esperanza, como a dignidade, non afunde. Aboia sempre”.

Pilar Pallarés



Profesora de Literatura Galega e poeta

Pilar Pallarés coñeceu a Moncho sendo unha “adolescente rebelde”, e dixo del que “se empeñaba en ser sempre sinxelo, pero tiña todas as características dun heroe, do mito que despois se construíu”. Precisamente, Pilar Pallarés escribiu un poema sobre Moncho Valcarce titulado *Herói* que comeza: “Herói, na miña primeira xuventude, / a túa voz abriu un vieiro no mar, / faíloume dunha terra prometida que era dos meus avós, / un soño comunal, / unha raíz que medra silenciosa / para morder un día a luz do sol”.

Manuel Lugo




Premio 2013 da Irmandade Moncho Valcarce

Manuel Lugo foi un dos galardoados co Premio Moncho Valcarce 2013 en Defensa da Terra. Antes de recibilo, na homenaxe leu un poema que escribiu en 1977 mentres Moncho Valcarce estaba no cárcere de Monte Alto, na Coruña.

“Aínda te vexo nas Encrobas, / en Castrelo de Miño / ou na loita das Enchousas. // Polo monte a levar esperanza, / pola chaira espallando semente / da túa Patria silandeira, / que ti cantas de xogar en voz / na rima da pelexa popular, / entre os asoballados, / na aldea e nos arrabaldos...”

Elías Ramil



Fundador do grupo ecoloxista Niño do Azor

Elías foi amigo de Moncho durante a súa etapa nas Pontes e con el fundou o grupo ecoloxista Niño do Azor. Elías destacou a forte implicación de Moncho en todas as loitas que xurdían a prol do país e das súas xentes. “Ensinoume algo que a el o facía moi grande: a súa humildade. Decía Rabin-dranath Tagore que as árbores cargadas de froito sempre se inclinan cara ao chan. Moncho era esa árbore cargada de froito e tiña para darlle a todo o mundo durante todo o ano: amor, sorrisos, solidariedade. Ese era Moncho”.

Baldomero Iglesias Mero



Membro do grupo musical A Quenlla

Baldomero Iglesias Mero, do grupo musical A Quenlla, leu tamén un poema de seu, despois de cantar o *Credo Galego* xunto a Mini na ofrenda floral: “Moncho Valcarce, amigo, home cabal, competente, o teu exemplo veraz na defensa dos que sofren e do provir é semente. Moncho Valcarce, nesa lembranza e divisa serás semente de vida, memoria en credo e en fe da única patria, Galiza. Moncho Valcarce, cura das Encrobas sempre, serás un facho que alume as xentes que buscan luz entre as sombras que escurecen”.

Luís Liñares



Poeta da parroquia das Encrobas

Luís Liñares non coñeceu persoalmente a Moncho Valcarce, mais si tivo referencias del, dende neno, por parte da súa familia. Liñares compuxo un poema sobre Moncho que recitou e acompañou co son envolvente da súa guitarra eléctrica. Antes de lelo, botou man do *Libro dos abrazos*, de Eduardo Galeano, onde se explica a orixe da palabra recordar, que vén de re+cordis (volver pasar polo corazón). “Iso é o que estamos a facer hoxe aquí: volver pasar polo corazón e pola alma dese home que foi Moncho Valcarce”.

Domingo Martínez Gino



Membro decano da Irmandade Moncho Valcarce

Como membro de máis idade da Irmandade Moncho Valcarce, Gino recitou “*Dende a Armórica*”, poema de Fermín Bouza Brey que Moncho Valcarce pediu que lesen o día do seu enterro e que remata cos seguintes versos: “Quero que ti conquiras o que eu n’hei conquistar: / polo enxamio dos astros a patria do porvir, / miña Galiza ceibe, comprida, sideral... / Un planeta senlleiro, todo limpo de mal!”

Ademais, Gino lembrou que, para Moncho, o campo e o rural “eran a patria pequena para levarnos a Deus”.

Ramón Muñiz



Presidente da Irmandade Moncho Valcarce

Tralo xantar, Ramón Muñiz fixo unha semblanza de Moncho Valcarce e confesou que a Irmandade que traballa para manter viva a súa memoria, “chega a un punto de inflexión e reflexión” tras vinte anos de andaina. “Pechamos unha longa etapa dun xeito de homenaxear a Moncho para procurar outras formas de lembranza, de lealdade, de valoración e de cariño no que perpetuaremos o seu recordo imperecedeiro, e aí seguiremonos vendo os que fixemos de Moncho Valcarce o noso aliciente e de Galiza o noso alicerce”.

O aumento do gasto escolar mingua as rendas das familias do rural

O comedor dispárase até 796 € por curso, mentres que a escola infantil pode chegar a custar 2.585 € ao ano

A Xunta incrementou o custe das escolas infantís e do servizo de comedor nos centros educativos para o curso 2013-14. A medida terá unha forte repercusión nas familias labregas que, por mor vivir no

rural, moitas veces a grandes distancias dos centros escolares onde estudan os seus fillos e fillas, están na obriga de pagarlles o servizo de comedor por ser inviable que veñan comer a casa. En canto ás

escolas infantís, con dous anos de subas constantes nas taxas, convértense nun gasto inasumible nun contexto no que os custes de produción supoñen máis do 90% da renda agraria.

Coa nova suba, o servizo de comedor poderá custar até 4,5 euros por xantar. Dado que o curso escolar 2013-14 terá 177 días lectivos, estamos a falar dun gasto de 796,5 euros.

Para o Sindicato Labrego Galego, trátase dunha medida antidemocrática, xa que grava un dereito recoñecido pola Constitución que debería ser gratuíto, segundo reza o seu artigo 27.4 («O ensino básico é obrigatorio e gratuíto»).

En palabras da presidenta da Confederación de Asociacións de Pais e Nais (Co-fapa), Helena Gómez, “se un neno ou nena vai en autobús ao colexio e a súa familia non é quen de pagar o comedor pódense dar situacións de fame”. Mesmo a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, Teresa Conde-Pumpido, nun informe sobre as novas taxas anexou un voto particular para alertar do risco de non garantirlle a gratuidade do comedor ao alumnado que utiliza o transporte escolar.



O Sindicato Labrego Galego apoiou as diversas manifestacións que se fixeron en varias cidades da Galiza contra a LOMCE como integrante da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público

A este gasto, habería que sumar o dispendio en libros de texto e outros relacionados coa escola que teñen que facer en Galiza, que é o máis alto do Estado despois de Madrid. Segundo a Organización de

Consumidores e Usuarios (OCU), o desembolso medio que afrontan os pais e nais na escola pública para este curso é de 1.268 € por cada neno ou nena, onde se inclúen libros, matrícula, material escolar, etc.

Até máis de 2.500 € ao ano por cada neno ou nena nunha escola infantil

Tampouco se librarán as familias labregas con cativos e cativas de 0 a 3 anos aos que, por motivos laborais, deban levar a escolas infantís. A Consellaría de Traballo e Benestar volveu subir as taxas das garderías en 2013 tralo brutal incremento realizado en 2012. Así, as familias usuarias terán que facer fronte a subas de até 5 euros, un suma e segue despois de que o ano pasado as taxas das escolas infantís se incrementasen en máis dun 20%, chegándose a duplicar o prezo dalgúns servizos como o come-

dor. Agora mesmo, familias mileuristas (con renda superior a 1.065 euros ao mes) terán que pagar 235,06 euros mensuais por praza nunha escola infantil con servizo de comedor; só este servizo subiu, neste tramo de rendas, 40 euros dende 2012, custando na actualidade 71,54 euros ao mes.

Neste caso, dado que os nenos e nenas de 0 a 3 anos poden asistir até 11 meses ao ano á escola infantil, estaríamos a falar dun desembolso anual máximo de 2.585 euros por cativo ou cativa.

■E mentres, soben os custes de produción

A forte suba nos custes dun sistema educativo que debería ser gratuíto e universal volve discriminar aos nenos e nenas do rural. A carestía das escolas infantís, unida ás distancias para levar aos nenos e nenas do rural ao centro máis achegado, veda de facto este servizo ao meirande das familias labregas da Galiza. No caso dos comedores escolares, que son para a maioría das familias labregas unha obriga, supoñen unha erosión importante das súas

rendas que debemos unir á suba continua dos custes de produción nas actividades agrogandeiras. Neste senso, a COAG vén de publicar un informe no que demostra que os custes de produción supoñen xa o 93% da renda agraria total, con incrementos dos prezos dos pensos nun 8%, dos fertilizantes nun 9%, ou da enerxía -electricidade e gasóleo- nun 18%. Neste contexto, a suba dos gastos escolares pode comprometer aínda máis as rendas das familias labregas con nenos e nenas na escola.

A Consellaría de Educación deixará sen comida a quen non dea pagado o servizo

Outro dato a ter en conta é que as rendas dunha explotación agraria non entran de xeito regular como os soldos dos traballadores e traballadoras asalariados/as. Deste xeito, na profesión agraria prodúcense fortes altibaixos nos ingresos e gastos mensuais, ao tempo que hai que cumprir estritamente con obrigas como o pago dos insumos ou os prazos de hipotecas e, como non, o abono das taxas por comedor escolar. A Consellaría de Educación non deixou esta cuestión ao azar, e no artigo 15.4 da orde que regulariza as taxas di que *«os impagamentos dos prezos públicos e das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos»*. Dende o SLG preguntámonos que farán as familias labregas cos seus fillos e fillas nos meses que baixe o saldo positivo nas explotacións e non dean as contas para pagar o comedor escolar, ou que farán aquelas familias do rural que, simplemente, non teñan suficientes ingresos para pagar este servizo durante todo o curso. Enviaranos coa friameira na mochila para que coman á marxe dos seus compañeiros e compañeiras? Creará a Consellaría de Educación guetos nos centros escolares para que poidan comer os nenos e nenas do rural cuxas familias non dean custeado o servizo de comedor?

Dende o Sindicato Labrego Galego, animamos á Xunta de Galicia e ás consellarías responsables a que cumpran con actos as súas constantes e baleiras promesas de apoio ao medio rural. Dificilmente podemos facer fronte ao imparable proceso de desertización e abandono do campo que levamos sufrindo nas últimas décadas se, dende a Administración, se gravan ou se fan imposibles servizos e dereitos no rural que son gratuítos e accesibles para a cidadanía dos centros urbanos.

Por todo o devandito, o pasado 7 de setembro, o Sindicato Labrego Galego apoiou a marcha reivindicativa organizada pola Plataforma en Defensa da Montaña e do Rural que culminou en Fisterra o Camiño de Santiago iniciado o 13 de xullo na praza do Obradoiro. Esta camiñada fíxose, precisamente, en defensa dun ensino público e gratuíto para todos os nenos e nenas cuxas familias seguen a apostar por vivir no campo ou por ter na agricultura e na produción de alimentos o seu medio de vida.

■ Realmente faltan cartos públicos para termos un sistema educativo de calidade?

Tanto a Xunta coma o Goberno do Estado poñen como escusa para o cobro da educación pública a crise e a necesidade de ingresar cartos para poder manter os servizos.

Nembargante, a pouco que nos informemos, esta é outra mentira de tantas. Hai cartos para termos unha educación ou unha sanidade públicas de calidade. O problema é que os gobernos prefiren gastalos noutras cousas.

Un bo exemplo é o do rescate que se lle fixo á banca. No caso galego, Novagalicia Banco, entidade que xurdiu da fusión de Caixa Galicia e Caixa Nova e que estafou a miles dos seus clientes coas preferentes e as subordinadas, recibiu 8.981 millóns de euros dese rescate. O orzamento da Xunta de Galicia para educación ascende en 2013 a 2.167 millóns de euros. As contas son doadas de botar: co que custou rescatar a Novagalicia Banco, poderíanse pagar os gastos educativos de Galicia durante catro anos.

A Coordinadora Galega pola Paz mobilízase contra a guerra en Siria

O Sindicato Labrego Galego, como membro da Coordinadora Galega pola Paz, asinou o manifesto contra a guerra en Siria que se leu e entregou, o 5 de setembro, no consulado dos Estados Unidos na Coruña; e apoiou as concentracións de protesta que se celebraron nas principais vilas galegas o 10 de setembro.

Para a Coordinadora Galega pola Paz “bombardear un

país soberano e intervirlo militarmente desde o exterior pola forza, non son as mellores fórmulas para resolver un conflito. Todo o contrario. É precisamente a presión económica, política e diplomática da comunidade internacional, de forma multilateral, co protagonismo da Organización das Nacións Unidas e da Liga Árabe, as que poden impoñer un alto o fogo”.

Estaleiro Editora publica na Galiza un libro sobre os Sem Terra do Brasil

Da man de Estaleiro Editora, o coordinador do Fouce e xornalista do SLG, Xosé García, presentou o seu novo libro *«Baixo a lona preta. Xornal dun brigadista na Bahia do MST»*. Trátase dunha crónica que naceu dos diarios e materiais gráficos e sonoros recompilados no verán de 2003, no transcurso dunha viaxe organizada pola ONG galega Amarante, dentro do programa Xanela aberta ao sur, para coñecer de preto o Movemento dos Tra-

balladores Rurais Sem Terra do Brasil (MST).

Ademais do relato en primeira persoa en Bahia, Xosé García achega aos lectores e lectoras da Galiza un documentado estudio acerca das orixes, historia e actualidade desta organización agraria que, coma o SLG, forma parte da Vía Campesina. A maiores, o libro contén unha sección de fotografías e unha entrevista ao líder Sem Terra João Pedro Stédile.

O SLG nas iniciativas da Semana de Acción Global contra a Débeda

O Sindicato Labrego Galego participou na manifestación convocada, o 12 de outubro na Coruña, pola Plataforma Auditoría Cidadá da Débeda (PACD), da que forma parte. Esta mobilización encadrouse na Semana de Acción Global contra a Débeda e as Institucións Financeiras Internacionais, que se celebrou en cidades de todo o Estado, incluíndo na Galiza a Ourense,

A Coruña e Ribadeo, do 8 ao 15 de outubro.

A Plataforma Auditoría Cidadá da Débeda uniuse, coma noutras ocasións, a esta iniciativa que reivindica a xustiza económica e social ante a ditadura da débeda e a austeridade. Baixo esta premisa fixéronse numerosas actividades en varios puntos do Estado para denunciar a ilexitimidade da débeda e os recortes.

innovación móvil agraria

iNMA



a túa asesora agraria de peto



Descarga de balde a primeira
APP para labregos e labregas
profesionais en:



Máis información en www.inma-app.es



MINISTERIO
DE AGRICULTURA,
ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

ENTIDAD ESTATAL
DE SEGUROS
AGRARIOS (ENESA)

A volta á terra en 80 mundos

Feitoría verde: unha cooperativa para cultivar a terra e as conciencias

A cousa comezou en 2010, cando Paula e Noa uniron as súas forzas e saberes nun proxecto laboral que tiña por principal obxectivo a educación ambiental. En 2013, xa con nome e apelido -Feitoría

Verde- uníuselles Isabel e constituíronse en cooperativa. Hoxe, teñen en marcha interesantes actividades formativas por toda Galiza, xestionan o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

(CIAC) e xa embarcaron na súa particular aventura para vivir elas tamén da terra: un viveiro de planta ecolóxica para horta e herbas aromáticas e medicinais en Sarandón (Vedra).

Nos tres anos e medio de traxectoria que leva andado, Feitoría Verde ten desenvolvido unha boa mancha de actividades formativas centradas na educación ambiental e dirixidas a todo tipo de públicos.

Aínda que ese traballo se desenvolveu en diversos ámbitos, case sen querelo, as Feitoría Verde teñen os pés cada vez máis metidos na terra e na aldea. Boa mostra diso son os proxectos que lles ocuparon o 2013: “Ruralactivo”, en tres parroquias do concello de Pontevedra; e “De aquí, xusto e ecolóxico”, que as levou por nove municipios rurais. Mesmo a xestión do CIAC, no corazón do parque de Belvís e rodeado de árbores frondosas e hortas urbanas, é o máis preto que se pode estar da aldea na capital de Galiza.

Se cadra por iso, agora mesmo o proxecto que máis lles enche o ollo a Noa, Paula e Isabel é a creación dun viveiro para producir planta ecolóxica para horta e herbas aromáticas e medicinais. Confesa Noa que, “até o de agora estivemos centradas en formar, en impartir teoría, mais pensamos que nos faltaba por en marcha a práctica, que tiñamos necesidade de meter as mans na terra”. Para poder facelo, fixéronse cunha finca en Xián (Sarandón, Vedra), na que ergueron un invernadoiro de 600 m². “De aquí a decembro familiarizámonos coas instalacións e, de cara á primavera, comezaremos a producir”.

Até entón, as Feitoría Verde seguen adiante co seu traballo educativo. O proxecto “Ruralactivo”, promovido polo Concello de Pontevedra, xa leva un ano de andaina dos tres previstos, e está a piques de entrar na súa fase máis interesante. Estase a facer nas parroquias pontevedresas de Santa María e Santo André de Xeve, e Verdugo, xunto á empresa MaOs. Na primeira fase, que vén de rematar, estiveron a traballar coas xentes destas parroquias para facer diagnose dos recursos cos que conta este territorio e das necesidades sociais, económicas e culturais que cómpre cubrir. Agora, vai comezar a se -

gunda fase, na que se dará resposta a esas necesidades a través dunha escola de coñecementos con diversos obradoiros formativos: coidados á infancia e á terceira idade, turismo, agroecoloxía e xestión de montes, organización empresarial e financiamento e saídas prácticas para coñecer experiencias reais. Cando remate esta fase de aprendizaxe, a intención é poñer a andar un proxecto colectivo ao que se lle prestará asesoramento e seguimento.

En canto a “De aquí, xusto e ecolóxico”, experiencia promovida por A Cova da Terra, consistiu na realización dun obradoiro de dez horas en nove concellos: Redondela,

Ribadeo, O Barco de Valdeorras, Baio (Zas), Verín, Rianxo, A Estrada, Chantada e Vilalba. Con esta actividade levouse a cabo un proceso de sensibilización e formación dirixido á mocidade para que valore os recursos propios e pense no rural como unha posibilidade real de autoemprego.

Para saber máis:

www.feitoriaverde.com/

www.facebook.com/feitoriaverde

www.facebook.com/ruralactivo

deaquixustoeecoloxico.blogspot.com.es



Opinión *Nace a hamburguesa sintética para encher máis as arcas das corporacións*

por Xabier Gómez Santiso

Tras unha ardua investigación con non se sabe canto persoal científico e non se sabe cantos centos de miles de euros, creouse a primeira hamburguesa sintética con carne de vaca construída a partir de células nai. Mais, quen necesita carne de vaca que non sexa de vaca? Do mesmo xeito que acontece cos transxénicos, as grandes corporacións queren converter a alimentación humana no seu grande negocio, aínda que sexa a costa de que as persoas que queiran consumir e alimentarse con carne de vaca, fiquen condenadas a facelo cun sucedáneo sintético producido dun xeito cuxas consecuencias para a saúde humana descoñecemos. Non será que quen teña cartos abondo seguirá comendo carne de vaca auténtica e que esta alimentación creará máis exclusións sociais?

Os produtores e produtoras de carne de vaca en Europa terán que pechar as súas explotacións e irse ás listas do paro para que as corporacións alimentarias que patenten o invento se queden co seu mercado, mentres que os consumidores e as consumidoras estarán obrigados/as a consumir carne sintética. Ninguén quere esa carne; só eles, os señores da alimentación-negocio, que son os que necesitan que a comamos para encher as súas arcas e satisfacer a súa ambición.

Os argumentos serán os de sempre: a fame no mundo e o medio ambiente, a mesma ladaiña que usan para defender os transxénicos. Só faltaría que quen comercializasen e patentasen esta carne fosen os mesmos que comercializan e patentan os transxénicos.

Diante destes argumentos, cómpre aclarar que a fame no mundo é un problema de pobreza e de exclusión, nunca unha consecuencia da falta de alimentos. Dito doutro xeito: a fame non é debida a un problema de produtividade, senón a un problema de acceso á terra e aos recursos que se precisan para producir alimentos. En canto ao medio ambiente, o problema vén dun modelo produtivo intensivo que consume de xeito masivo agrotóxicos, fito e zoosanitarios, etcétera, introducidos pola revolución verde dos anos sesenta e que representa cincuenta anos de fracaso agroalimentario.

■ Por outro modelo produtivo

Dende o Sindicato Labrego Galego queremos reivindicar outro modelo produtivo respectuoso co medio ambiente, que produza partindo dos principios da agroecoloxía, e que produza o que a xente necesita para se alimentar; un modelo que produza onde e como a xente o necesite. Quereamos contraponer o modelo de produción que defende a soberanía alimentaria fronte á tiranía que supón o enriquecemento sen escrúpulos das corporacións alimentarias, que queren que comamos o que elas venden do xeito que elas queren.

Evidentemente, non todo o mundo ten que comer hamburguesas, nin sequera carne de vaca. Debemos facer o posible para que todos os pobos do mundo estean ben alimentados sen renunciar a comer o que queiran e o que a súa cultura lles aconselle e o seu entorno poida producir. A alimentación non debe ser un negocio.

Agencia Tributaria
Teléfono: 901 33 55 33
www.agenciatributaria.es

DECLARACIÓN ANUAL DE OPERACIONES
CON TERCERAS PERSONAS
DECLARACIÓN
REAL DECRETO 1065/2007, DE 27 DE JULIO

Pág. 1
Modelo
347

Erros da Axencia Tributaria poñen máis atrancos burocráticos ás explotacións

Debido a un fallo nas aplicacións informáticas da Axencia Tributaria, segundo podemos constatar no SLG, un número elevado de explotacións de leite galegas que tributan por módulos apareceron, entre setembro e outubro, como que non estaban ao corrente das súas obrigas fiscais por non ter presentado o modelo 347. O erro consistiu en que ese modelo só é obrigatorio para as explotacións que tributan en réxime de estimación directa e non para as que o fan en módulos.

A cousa non iría máis alá de enlevar aínda máis a carga burocrática que afoga as explotacións se non fose porque, por culpa deste erro administrativo, todas elas puideron ter perdido o anticipo do 50% das axudas da Política Agraria Común (PAC) para este 2013, vital para inxectar liquidez cando as granxas están a facer grandes desembolsos para a compra de silos e forraxes de cara a alimentar ao gando no inverno.

O problema veu porque o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) esixe que as explotacións solicitantes do anticipo estean ao corrente das súas débedas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, dándolles en 2013 de prazo até o 9 de outubro para certificalo. Como a petición errónea do modelo 347 se fixera de xeito masivo, as oficinas da Axencia Tributaria ficaron colapsadas emitindo certificados para as explotacións, de maneira que se lles fixo difícil poder xustificar en prazo que estaban ao día con Facenda.

A maiores, no Sindicato Labrego Galego tamén detectamos que as inspeccións que se lles fixeron ás explotacións solicitantes destas axudas para certificar que cumprían coas esixencias medioambientais (condicionalidade) estaban aínda sen asinar poucos días antes de que vencese o prazo, polo que tamén se arriscaban a perder o adianto da PAC se a Consellaría de Medio Rural no axilizaba este proceso.

Dende o SLG, fixemos unha campaña nos medios de comunicación e nos diriximos á Consellaría de Medio Rural para denunciar todo o devandito. Para a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, “a Consellaría de Medio Rural debía ampliar o prazo de solicitude ou solucionar inmediatamente todas estas trabas burocráticas, habida conta de que os atrasos na xestión da solicitude se deben a erros da propia Administración”.

“Sería inxustificable”, engadiu Isabel Vilalba, “que o Ministerio de Agricultura e a Consellaría de Medio Rural nos vendesen o moito que apoian ás explotacións anticipando as axudas da PAC, ao tempo que sementan o proceso de solicitude con todo tipo de atrancos burocráticos alleos ás persoas beneficiarias e que, de non facer nada para remedialo, lles farán imposible recibir eses cartos antes do 1 de decembro”.

As explotacións que xestionaron este problema a través dos servizos do SLG dérono solucionado, mais a Xunta non deu datos para sabermos o que aconteceu co resto.

Os ataques dos xabarís volven facer estragos nas plantacións de millo

Medio Rural segue sen resolver un problema que non deixa de medrar e mingua as rendas das explotacións

O Sindicato Labrego Galego volveu reclamar da Consellaría de Medio Rural unha resposta efectiva diante dos estragos que están a causar as laradas de xabarís nas leiras de millo forraxeiro,

cultivo indispensable para a mantenza do gando e para aforrar nos custes de produción nas explotacións gandeiras. A pasividade da Xunta en resolver esta problemática fai que as 65.000 hectá-

reas de millo que cada ano se plantan na Galiza estean a servir de forraxe para alimentar a unha poboación duns 50.000 xabarís que, lonxe de estar controlada, segue a medrar ano tras ano.

A comezos de setembro, COAG publicaba un estudio no que revelaba que o gasto medio en pensos aumentou un 15'8% nos últimos cinco anos, de maneira que agora o desembolso en concentrados alimenticios para o gando supón xa o 52'2% dos gastos totais dunha explotación.

Esa é unha das principais razóns para que o cultivo do millo forraxeiro se estea incrementando ano tras ano, cultivándose na actualidade case 65.000 hectáreas na Galiza, segundo a superficie declarada na solicitude da PAC de 2012. Estas cifras evidencian que os cultivos de millo forraxeiro destinado a alimentación animal son vitais para a economía das explotacións, xa que producir forraxes propias diminúe considerablemente os custes de produción.

O problema na Galiza é que, a pesares de termos un clima idóneo, o cultivo do millo faise case imposible por mor dos ataques do xabaril, cuxa poboación non para de medrar e se estima ao redor dos 50.000 exemplares.

O xabaril estraga as leiras en todas as etapas do proceso produtivo, dende o fresado e a sementeira até a recolección. Segundo o coordinador dos Sectores Gandeiros no SLG, Xabier Gómez Santiso, "este ano está sendo peor que os anteriores, e os xabarís están a aniquilar a colleita de millo nas zonas onde o cultivo é importante, con miles de euros por explotación en perdas".



Leira de millo estragada este ano en Santaballa (Vilalba) polo xabaril xusto a carón de vivendas habitadas

O control a través da caza fracasa a pesares das 15.000 pezas abatidas

Lonxe de facer algo para paliar e compensar estes danos, a Xunta desmantelou as escasas e deficientes medidas de prevención e protección que existían no pasado. Pola súa banda, os Tecores (os "territorios cinexeticamente ordenados" que substituíron aos cotos de caza) amósanse completamente inútiles á hora de manter controlada a poboación de xabarís na Galiza, a pesares de que o número de exemplares abatidos quintuplicouse nos últimos dez anos e ascendeu a 14.864 na temporada 2011-2012. Sen embargo, o xabaril continúa a ser unha praga sen control na Galiza.

Para o Sindicato Labrego, é inxusto que teñan que ser os labregos e labregas os que custeen a mantenza da fauna salvaxe de Galiza a costa de ver aínda máis minguadas as súas cativas rendas. Para Xabier Gómez Santiso, "é necesario que un patrimonio colectivo da sociedade como é a fauna salvaxe, sexa custeado pola propia sociedade a través do erario público e dos nosos impostos. Polo tanto, a Xunta de Galicia debe pagar estes custes ás persoas que os están financiando: fundamentalmente, as explotacións agrarias e, en xeral, toda a xente que vive no medio rural".

O SLG defende en Bruxelas unha alternativa á fin das cotas leiteiras

Isabel Vilalba participou na conferencia “O sector lácteo da Unión Europea: desenvolvemento despois de 2015”

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, estivo en Bruxelas para participar en diversos eventos centrados na análise do sector lácteo europeo e as súas perspectivas de

futuro a partir do ano 2015, cando se suprima actual sistema de cotas. O 24 de setembro, Isabel interveu na conferencia “O sector lácteo da Unión Europea: desenvolvemento despois de 2015”, na que

tamén estiveron o Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, e varios expertos que analizaron de que xeito afectará a supresión dos controis na produción leiteira comunitaria a partir de 2015.

Segundo adiantou a secretaria xeral do SLG, o comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, recoñeceu na súa intervención que o final do sistema de cotas traerá canda si un incremento da produción que podería ocasionar graves desaxustes entre a oferta e a demanda, amais da volatilidade dos prezos, coa posible desaparición da produción leiteira en amplas zonas rurais de Europa onde este sector é o principal motor económico e de xeración de emprego, tal e como ten denunciado reiteradamente a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), da que forma parte o SLG.

Na súa intervención, en representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina, Isabel Vilalba expresou a oposición do Sindicato Labrego Galego, e de todas as organizacións que forman parte da ECVC, á supresión do sistema de cotas sen articular ningún outro mecanismo de control da produción. En efecto, tal e como recoñeceu Ciolos, permitir a produción libre de leite na Unión Europea levará a que explotacións de corte industrial e sobredimensionadas asolaguen o mercado provocando a caída duns prezos que, agora mesmo, nin sequera cobren os custos de produción. Isto suporía a ruína para miles de explotacións de pequena e mediana escala, como a maioría das que existen no noso país, e mesmo de moitas de tamaño máis grande, para as que a produción leiteira deixaría de ser rendíbel nesas condicións.



O comisario europeo de Agricultura, Dacian Ciolos, foi o encargado de inaugurar a conferencia do sector lácteo

A fin de controis leiteiros en Suíza provocou caídas dos prezos de até o 30%

Un informe da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) incide no mesmo: a supresión do sistema de cotas provocará un aumento da produción de leite na Unión Europea do 5% e unha redución dos prezos do 10%, porcentaxes que na Galiza serían superiores. O caso de Suíza, onde tamén se abandonaron as cotas para producir libremente, é paradigmático: no país helvético aumentou a produción de leite nun 7% e os prezos en orixe sufriron caídas entre o 20% e o 30%.

É obvio que a supresión do sistema de cotas

sen articular outro método de control alternativo sería catastrófica para o medio rural daquelas zonas xeográficas comunitarias nas que a produción leiteira é a principal actividade económica, como Galiza ou, a nivel estatal, a Cornixa Cantábrica; e levaría a unha concentración da produción en rexións con granxas máis industrializadas como o norte de Alemaña ou o Reino Unido. Diante destas previsións, Isabel Vilalba Seivane defendeu medidas efectivas que eviten prezos ruinosos e a desaparición de máis explotacións na Galiza e noutras zonas europeas.

A Comisión Europea comeza a admitir tímidos controis da produción e do mercado

A actividade da secretaria xeral do SLG en Bruxelas continuou o 25 de setembro coa celebración dunha xuntanza do Grupo de Traballo do Sector Lácteo da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), onde tamén concluíron que “cómpren instrumentos de regulación pública da produción e dos mercados”.

Nun comunicado, a ECVC explica que “o informe dos expertos encargado pola Comisión Europea sobre as consecuencias do final do sistema das cotas leiteiras despois de 2015 é concluínte: a implementación das medidas do Paquete leite na PAC 2014-2020 terá un grande impacto no sector lácteo de Europa. A produción de leite vaise concentrar nunhas poucas zonas do noroeste de Europa, mentres que moitas explotacións van desaparecer, incluídas as de zonas de montaña ou de zonas periféricas onde constitúen a única produción posible e a base da economía local. A produción caerá na maioría dos estados europeos e medrará nalgúns países, influenciados polas exportacións. En consecuencia, a produción vaise intensificar nas áreas con maiores producións, provocando a acumulación de residuos, os problemas de contaminación da auga e do chan. O crecemento destas explotacións levará consigo un forte aumento do seu endebedamento e da súa vulnerabilidade acrecentada pola forte volatilidade dos prezos”.

■ Un terzo das explotacións pechou entre 2007 e 2010

“A posición da Comisión Europea”, prosegue a ECVC “pode ser cómplice da desaparición de miles de explotacións. Debemos lembrar que

xa un terzo das explotacións leiteiras desapareceu entre 2007 e 2010”.

No lado positivo, a ECVC amosou o seu acordo coa creación dun observatorio dos volumes de produción, prezos do leite e custos de produción anunciado polo Comisario de Agricultura, pois “é necesario establecer instrumentos públicos para regular a produción e os mercados e para actuar antes que se produzan situacións de crise”, pero vai máis alá ao pedir “mecanismos de redución da produción leiteira e un apoio específico ás zonas de montaña, co fin de que se garanta a recollida de leite nestas zonas desfavorecidas. Os instrumentos previstos no paquete leite son totalmente insuficientes, tal e como indicaron numerosos participantes na conferencia; e as organizacións de produtores, ausentes en moitos países, non son quen de reforzar a posición dos produtores e produtoras fronte ao papel dominante de

empresas e gran distribución”.

Ademais, para a ECVC, “os pagamentos directos non garanten o mantemento da produción de leite nun escenario de prezos baixos e volátiles, e mesmo fomentan o cambio a determinadas producións ve-

xetais, que requiren menos traballo. Tamén nos opoñemos ás subvencións directas á exportación (restitucións), que destrúen a estruturación da produción en terceiros países e eliminan as explotacións campesiñas en todos os lados”.



Arriba: a ECVC participou na conferencia de alto nivel do sector lácteo cunha comitiva formada por (de esquerda a dereita) Andoni García, Charo Arredondo, Genevieve Savigny, Isabel Vilalba e José Miguel Pacheco. Abaixo: intervención da secretaria xeral do SLG na conferencia



O Fipronil utilizábase como insecticida de ampla gama, dende remedio contra as pulgas en casas e cans, até en varios cultivos agrícolas

A UE prohíbe o Fipronil polo impacto sobre as abellas

Trala prohibición, durante dous anos, dos neonicotinoides causantes da morte das abellas, a Unión Europea prohibiu tamén o pesticida Fipronil, o pasado 16 de xullo. Só dous estados comunitarios votaron contra esta decisión: España e Romanía. A prohibición do Fipronil entrará en vigor o 31 de decembro do presente ano.

A Comisión Europea propuxo a prohibición despois de que a Axencia Europea para a Seguridade Alimentaria aler-

tara, o 27 de xuño, que o Fipronil é perigoso para a saúde das abellas melíferas.

O Fipronil pertence á familia dos fenilpirazois e emprégase para loitar contra larvas que habitan na terra. A pesares da prohibición, o Fipronil seguirá autorizado no tratamento de sementes que se cultiven en invernadoiros, pero esta excepción non se poderá aplicar aos porros, cebolas ou hortalizas da familia *brassica* (nabos, repolos, verzas, coles de Bruxelas, coliflor, brócoli, etc.).

Restrinxen os pesticidas no Salvador e en Francia

O 7 de maio, entraba en vigor un decreto en Francia que recoñecía o Mal de Parkinson como enfermidade profesional e sinalaba como causante da doenza aos agrotóxicos. Esta decisión produciuse tralo xuízo contra Monsanto iniciado por un produtor de sementes, Paul François, que denunciou tras intoxicarse con restos do herbicida Lasso. Se François gañaba o seu proceso en febreiro, a finais de abril o Estado francés víase obrigado a indemnizar a outro produtor

de sementes que sufría síndrome de mieloproliferativa, que se asocia ao uso de produtos que conteñen benceno.

Na outra beira do Atlántico, o Parlamento do Salvador aprobou, o 5 de setembro, unha lei que prohibe a importación, comercialización e uso de produtos químicos ou praguicidas perigosos para a saúde. A prohibición farase definitiva dentro de dous anos, e obrigará a utilizar produtos máis respectuosos coa saúde humana e o medio ambiente.



Os pesticidas tamén tiveron un forte rexeitamento por parte da comunidade apícola en Francia. Na imaxe, manifestación contra o Cruiser



Elizabeth Mpofu denunciou ante o director xeral da FAO os acaparamentos masivos de terras e a imposición das sementes transxénicas

Acordo de colaboración entre a Vía Campesina e a FAO

O 4 de outubro, tiña lugar en Roma unha xuntanza entre a coordinadora da Vía Campesina, Elizabeth Mpofu, e o director xeral da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), José Graziano da Silva, na que se formalizou un acordo de cooperación que recoñece o papel esencial que desempeñan os labregos e as labregas. Este convenio sinala que a súa contribución máis importante a escala global se

centra na erradicación da fame no mundo.

A cooperación entre a Vía Campesina e a FAO abarcará diversos ámbitos como o reforzo da produción de alimentos procedentes de prácticas agroecolóxicas, a protección dos dereitos dos labregos e das labregas con respecto á terra, á auga e ás sementes. Respecto disto, Mpofu denunciou ante Graziano o acaparamento masivo de terras ou a imposición dos transxénicos.

O Senado italiano e o Parlamento andaluz prohíben os transxénicos

A medida afectará a 4 millóns de hectáreas en Andalucía que supoñen un terzo do seu territorio

O Senado italiano aprobou por unanimidade unha orde que obriga aos ministerios de Agricultura, Medio Ambiente e Sanidade a adoptar a cláusula de salvagarda cos cultivos transxénicos. Contrasta a actitude de Italia coa do Estado Español: mentres que no país transalpino só teñen 1 hectárea de cultivos transxénicos experimentais superprotexida para non contaminar o exterior, España segue á cabeza da UE nos OXMs, con 138.543 hectáreas cultivadas en 2012 (o 88% dos cultivos transxénicos de Europa) concentradas en Cataluña, Aragón e Andalucía.

Precisamente, en Andalucía, o 27 de setembro, o Parlamento prohibía os transxénicos en espazos naturais protexidos e zonas onde a agricultura ecolóxica teña unha importante presenza. A decisión respondía á proposta da Plataforma Andalucía Libre de Transxénicos (na que se atopan a COAG e o Sindicato de Obreiros do Campo-SOC),



Italia é un dos países europeos onde máis rexeitamento suscitan os OXM

e obtivo os votos favorables de PSOE e Esquerda Unida-Os Verdes.

Por desgraza, PP e PSOE uníronse para botar abaixo algúns puntos importantes da proposta, como a prohibición do millo MON-810 e a pataca Amflora, ou rematar coas importacións de materias primas

transxénicas para alimentación animal, principalmente soia e millo. De todos xeitos, o aprobado é moi importante, pois protexe 1 millón de hectáreas de agricultura e gandería ecolóxicas e 2'8 millóns de hectáreas de espazos naturais, o que supón o 30% do territorio andaluz.

Os custes de produción levaron o 93% da renda agraria en 2012

O Departamento de Economía Agraria da COAG publicou en setembro un estudio que revela que dos cartos que ingresan as explotacións -as rendas- o 93% vai para pagar os custes de produción da actividade. O dato obtívose a partir dos datos de consumo publicados polo Ministerio de Agricultura.

Os consumos intermedios, que engloban o conxunto de custes necesarios para realizar a actividade agrícola e gandeira, acadaron en 2012 os 21.247 millóns de euros; isto

supón unha suba do 6'4% con respecto 2011. Nos últimos cinco anos, os custes de produción incrementáronse un 13'4%, mentres que a renda agraria caeu un 1'3%. Este incremento dos custes foi o que levou a que as rendas das explotacións se vexan cada vez máis minguadas. No ano 2010, os custes leváronse o 76'84% das rendas; en 2011, o 90%; e, finalmente, en 2012, o 93'5%.

As principais subas nos custes producíronse na enerxía, nos fertilizantes e nos pensos. En concreto, os fertili-

zantes foron os que máis subiron con respecto a 2011: un 9%, e representaron en 2012 o 8'6% dos gastos das explotacións. Os pensos subiron un 8%, e nos últimos cinco anos esa suba foi do 15'8%; hoxe, as explotacións gandeiras gastan unha media do 52'2% dos seus ingresos en concentrados alimenticios. En canto aos gastos en **enerxía e lubricantes**, aumentaron un 8'1%, despois de que estes custes se disparasen un 18% en 2011, e xa supoñen o 8'6% dos gastos dunha explotación.

Arias Cañete exclúe as organizacións agrarias das negociacións da nova PAC

Un correo electrónico enviado pola directora de gabinete do ministro de Agricultura, o 16 de abril, notificábanos ás organizacións que formamos parte da COAG que non podíamos estar en ningún dos oito grupos de traballo constituídos para definir os criterios de aplicación da reforma da Política Agraria Común (PAC) no Estado.

Deste xeito, as negociacións faranse entre o Ministerio de Agricultura e as comunidades autónomas, e ningunha organización agraria nin representante dos labregos e das labregas estará presente.

Deste xeito, o ministro de Agricultura rompía o compromiso que adquiriu coas organizacións agrarias (OPAs) no comité asesor do pasado 23 de xullo. Nese encontro, Arias Cañete abría o novo período de debate para a aplicación da reforma da PAC e comprometéase coas OPAs a crear varios grupos de traballo para abordar aqueles temas que tiñan máis complexidade e nos que había maior desacordo (figura do/da agricultor/a activo/a, incorporación de novas superficies, axudas acopladas ou transferencias entre piares).

Con esta exclusión, o Ministerio de Agricultura non só veta a participación dos labregos e das labregas, senón que evita que o sector poida acceder a información básica de interese primordial para o agro. Deste xeito, uns cantos cargos políticos do Ministerio de Agricultura e das comunidades autónomas decidirán, a porta pechada e de xeito opaco, como se repartirán 47.000 millóns de euros de fondos agrícolas comunitarios durante o período 2014-2020.



Entidad Estatal de Seguros Agrarios

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

marm.gob.es

Seguro para o gando vacún de leite reprodutor e de recría // Novidades na Liña 102

A **LIÑA 102**, de acordo co Plan Anual de Seguros Agrarios do ano **2013**, pretende garantir o gando vacún de leite reprodutor e de recría. Cóbrense os danos que sufran os animais cando sexan consecuencia de riscos incluídos nalgunha das garantías contratación.

É un seguro dirixido a gandeiros e

gandeiras (persoas físicas ou xurídicas) con **animais bovinos reprodutores e recrías de leite e carne**, titulares dun libro de rexistro de explotación.

Trátase dun **seguro subvencionado** pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (**Enesa**) así como pola Comunidade Autónoma.

É un seguro flexible que permite ao gandeiro ou gandeira escoller a garantía básica que máis se adapta ás necesidades da súa explotación.

Do mesmo xeito, conta cunha serie de garantías adicionais para cumprir a opción básica de aseguramento, no caso de ser de interese para o gandeiro ou a gandeira.

GARANTÍAS BÁSICAS A CONTRATAR

OPCIÓN A

Accidentes,
fiebre aftosa e EEB

OPCIÓN B

OPCIÓN A +
complicacións do parto

OPCIÓN C

OPCIÓN B +
mamite en aptitude láctea

GARANTÍAS ADICIONAIS

- ✓ Síndrome respiratoria de bovino en recría (SRB)
- ✓ Enfermidades
- ✓ Meteorismo
- ✓ Carbuncho
- ✓ Saneamento gandeiro

NOVIDADES

- ✓ Explotacións de aptitude cárnica
- ✓ Inclúense sementais con carta. Para aseguralos, un mínimo do 70% dos animais deberán tela.
- ✓ Cálculo da indemnización de saneamento gandeiro
- ✓ Cando os animais non se aseguran ao valor máximo, a indemnización será proporcional ao valor do asegurado

O Ministerio limita a política leiteira a unha campaña de márketing

Crea o Produto Lácteo Sostible tras negarse a ilegalizar as prácticas abusivas na Lei da Cadea Alimentaria

O Ministerio de Agricultura presentaba, o 5 de setembro, un acordo lácteo no que só estiveron presentes industrias e distribución e no que estivo vetado o sector produtor. Deste xeito, o departa-

mento dirixido por Arias Cañete deu continuidade a un convenio de colaboración asinado o 12 de febreiro seica para rematar con prácticas comerciais das distribuidoras que abaratan o leite

e para identificar as marcas das industrias que cumpran os compromisos co logotipo PLS (Produto Lácteo Sostible). Lonxe de ser útil, só servirá para maquillar abusos empresariais.

O ministro de Agricultura declarou de xeito triunfante que o logo PLS “garante a calidade e orixe do leite, e que este foi comercializado nunhas condicións que avalan a sostibilidade económica do sector lácteo, o que supón un beneficio para o conxunto da cadea”.

Lonxe de ser certo, para o Sindicato Labrego Galego, do mesmo xeito que para a COAG, este acordo lácteo non é máis ca unha operación de márketing que non achega ningunha solución aos problemas do sector e que só serve para maquillar as prácticas abusivas da industria e da distribución que tanto dano están a facer ás explotacións. Os feitos así o demostran: dende a sinatura do convenio de febreiro, as empresas asinantes seguiron utilizando o leite como produto reclamo a prezos inferiores aos custes de

produción e por baixo dos 55 céntimos o litro.

Por outra banda, os compromisos adquiridos coa industria son acordos voluntarios que deberían terse realizado dende hai anos se no Estado español se respectase a normativa propia, como no caso de identificar o leite de procedencia estatal, ou as leis comunitarias (trazabilidade do leite, obriga de recoller todo o leite contratado polas explotacións, marxe de tolerancia nas entregas, etc.). De risa son tamén os mecanismos que ten o Ministerio de Agricultura para obrigar ás industrias a respectar os acordos: quen non os cumpra só poderá ser penalizado coa perda do logotipo.

Dende o SLG, non podemos facer outra cousa que tachar este convenio como pura propaganda que demostra a nula intención do Minis-



A etiqueta PLS, que non obriga a nada ás industrias, é o único que o ministro Arias Cañete está disposto a facer polo sector lácteo

terio de Agricultura de enfrontarse aos problemas reais do sector lácteo. A oportunidade para facer mudanzas de calado estivo na Lei da Cadea Alimentaria na que, por desgraza, non se prohibiu a venda a perdas ou por de-

baixo dos custes de produción tal e como pediamos a COAG e o SLG. De térense prohibido por lei estas prácticas abusivas, non habería necesidade de dilapidar cartos públicos en convenios que non serven para nada.



En total, asistiron 18 persoas ao curso da Estrada sobre inseminación artificial no gando vacún

A Estrada: Curso de inseminación no sector vacún

O SLG da Estrada realizou un curso sobre inseminación artificial en gando vacún. As clases desenvolvéronse a principios do ano e, na actualidade, as 18 persoas que asistiron están capacitadas para facer inseminacións nas súas explotacións.

Segundo explica o responsable do SLG na Estrada, Brais López, o curso estivo dirixido por un veterinario do Deza e tivo contidos teóricos, que se impartiron no noso local da Estrada, e prácticos, nas instalacións feirais de Silleda.

Alimentos Lácteos: crónica dunha morte anunciada

Creba deixando leite sen pagar a un milleiro de explotacións e moitas máis débedas

A de Pascual en Outeiro de Rei era unha planta cara e custosa de manter. Envasar 20 millóns de litros mensuais para vendelos a perdas, sen base financeira, non é viable. Nin con subvencións. Iso sábeo calquera.

A pesares diso, os bos salarios e a expectativa de réditos políticos fixeron que xerentes, economistas e gobernantes aprobasen este proxecto. Se fracasaba, non poñían nada. É a doutrina neoliberal.

Feijóo como presidente e Samuel Juárez como conselleiro de Medio Rural (hoxe é delegado do goberno), á hora de elixir que dirixiría Alimentos Lácteos, apostaron por dous homes que lles devolverían favores e non pola masa social cooperativa. Estes homes foron Eugenio Montero, tenente de alcalde do PP en Touro e presidente da Cooperativa Arzuana; e Arcadio López, tenente de alcalde popular da Pastoriza e presidente da Cooperativa Gancobre.

Unha cacicada negociada pola Xunta de Galicia fronte a outras opcións máis solventes para tentar saír airosos do conflito orixinado polo peche da actividade de Leite Pascual en Outeiro de Rei. Non podía rematar doutra maneira.

Aos máis desconfiados convencéronos de que era un proxecto sobre cimentos sólidos. Pero a realidade era que non había cimentos. Comezaron cunha estrutura moi custosa de manter, vendendo gran cantidade de leite a perdas, pero sen unha base financeira suficiente para operar dese xeito até ter peso no mercado. Foi un fracaso anunciado. Esta aposta por unha estratexia de tirar os prezos nas súas marcas Deleite e Muuu para competir supuxo que en 2010, 2011 e 2012 Alimentos Lácteos tivera un saldo negativo duns 20 millóns de euros (máis de 3.300 millóns de pesetas).

A pesares de que as contas non daban, a Xunta, Xesgali-



A factoría de Pascual en Outeiro de Rei volveu pechar as cancelas

cia e o Igape -a costa do erario público-, puxo a disposición da empresa preto de 14 millóns de euros repartidos en 4 préstamos que, case con total seguridade, non recuperará. As cooperativas participantes e os labregos tamén perderán millóns de euros nesta aventura.

■ Un milleiro de explotacións co leite sen cobrar

En marzo de 2013, a fábrica de Outeiro de Rei deixaba de producir e, polo tanto, de ingresar cartos. Isto levou á definitiva liquidación de Ali-

mentos Lácteos, con os 80 traballadores e traballadoras da fábrica despedidos/as a través dun ERE de extinción.

Ademais, un milleiro de explotacións leiteiras que fornecían as marcas Deleite e Muuu verán como se esfarelan as súas esperanzas de cobrar o leite que lles deben.

Por riba, houbo gandeiros e gandeiras a quen estafaron dun xeito similar ao das preferentes, pois recibiron como pagamento polo leite entregado participacións da empresa que, hoxe en día, non valen nada.

Negativo para todo o sector lácteo galego

Dende o ámbito sindical agrario sabiamos que este proxecto estaba abocado a fracasar e, sen embargo, unha pequena parte dos produtores e produtoras de leite sumáronse ao proxecto coa expectativa de non depender da industria, e non fomos quen de reconducilo. O peor é que a experiencia de Alimentos Lácteos vai hipotecar novas iniciativas asociativas de comercialización aínda que sexan racionais.

O resto da industria do sector lácteo puxo como condición, para subir os prezos, que se actuase contra Alimentos lácteos por vender a perdas. Sabemos que son desculpas de mal pagador, pero funcionoulles.

■ O SLG esixe que paguen o leite entregado e responsabilidades políticas

Dende o Sindicato Labrego, xa expresamos a nosa preocupación pola difícil conxuntura pola que van atravesar as explotacións leiteiras ás que se lles deben varias entregas, sen esquecer os do resto de persoas afectadas.

Para o SLG hai unha evidente responsabilidade política na creba de Alimentos Lácteos. Se cadra, é hora de que, cando menos, depuren responsabilidades.

Ademais, para paliar as ruinosas consecuencias ocasionadas nas explotacións gandeiras, o coherente sería que a Xunta dispuxese partidas orzamentarias para pagar o leite que se lles debe, coa mesma facilidade e rapidez coa que se buscaron os millóns para financiar esta empresa.



Unhas 60 persoas afectadas polo concurso de acredores de Xertigán acudiron á asemblea convocada polo SLG o pasado 10 de outubro en Vilalba

A cooperativa Xertigán da Terra Chà entra en concurso de acredores

O SLG está a facer unha intensa campaña de asesoramento entre as explotacións asociadas para que reclamen

A cooperativa Xertigán, con explotacións asociadas en concellos como Vilalba, Xermade ou Guitiriz, vén de entrar en concurso de acredores ao acumular unha débeda de 2.964.885 euros (case 500 millóns de pesetas). Aínda que esa débeda está moi repartida, o meirande ten que ver con entregas sen pagar de leite a explotacións asociadas. Dende o primeiro intre, o Sindicato Labrego Galego asesorou aos gandeiros e gandeiras afectados e afectadas por esta creba, a quen convocou a unha primeira asemblea informativa o pasado 10 de outubro, no local do SLG en Vilalba.

Á asemblea do 10 de outubro asistiron a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba; a coordinadora na bisbarra, Margarida Prieto Ledo; e o avogado e avogada Ramón Barreiro e Isabel Crende, amáis de 60 socios e socias de Xertigán.

O obxectivo da reunión foi informar ás explotacións afectadas dos datos publicados no informe do administrador concursal e estudar, caso por caso, se cada débeda reflectida nese documento coincidía coa reclamada por cada gandeiro ou gandeira. En caso contrario, o servizo xurídico do SLG apoiaron a todas aquelas persoas que quixeron iniciar un proceso de reclamación.

En total, son unhas 200 as explotacións gandeiras as afectadas, fundamentalmente dos municipios de Vilalba, Xermade e Guitiriz e, en menor medida, doutros concellos da Terra Chà.

A campaña realizada polo Sindicato Labrego Galego foi fundamental, pois puidemos constatar a existencia de numerosos erros nas débedas pendentes de socios e socias coa cooperativa no pago de servizos ou insumos que lle mercaron a esta.

Iso debeuse a que, nos últimos meses de funcionamento de Xertigán, moitos pagamentos á cooperativa fixéronse ao contado e non ficaron reflectidos na contabilidade.

As explotacións socias que tiñan débedas superiores ás reais con Xertigán e non teñan reclamado, atoparíanse con que ese débito inflado pasou a ser oficial sen posibilidade de poder recorrela dende o 18 de outubro, xa que só había un prazo de 10 días hábiles para reclamar dende a data de publicación do informe do administrador concursal, o pasado 3 de outubro.

O 10% das explotacións afectadas teñen máis de 20.000 euros pendentes de cobro

Outra das fronteiras de traballo foi pedir compensación, que é un proceso no cal as explotacións poden restar a débeda que teñen coa cooperativa da cantidade que esta lles debe a elas, xa que isto non se fixo de oficio.

Tomando ao azar o caso real dunha explotación que figura no concurso de acredores, esta déballe a Xertigán 785 euros, mentres que a cooperativa aínda non lle pagara entregas de leite por un valor de 19.421 euros; neste particular, e botando man do proceso de compensación, esta explotación deixou de deberlle cartos a Xertigán, quedándolle pendentes de cobro, ao final, 18.636 euros.

Isto é importante porque as explotacións ás que Xertigán lles debe entregas de leite poderían atoparse con que a cooperativa, ao final, non ten fondos para pagar e, por riba, si teñan que pagar elas os cartos que lle deben a Xertigán.

Ao redor dun 10% das explotacións acreedoras teñen pendentes de cobro entregas de leite por importes superiores aos 20.000 euros. Mentres que débeda de Xertigán é case de 3 millóns de euros, os seus dereitos de cobro son de 922.249 euros, polo que as explotacións que non reclamasen non só terán problemas para cobrar, senón que estarán obrigadas a saldar os seus débitos con Xertigán.

As choivas e a seca condicionaron a campaña hortícola de 2013

As intensas choivas e o frío en primavera e despois a seca estival foron determinantes na produción e prezos finais

Cando xa case rematou, avanzado o outono, o cume da campaña hortícola de 2013, o meirande dos produtores e produtoras procuran pensar no ano que vén e esquecer o presente. As inclemencias e

irregularidades climáticas provocaron atrasos na produción que levaron a sacar o produto cando peores prezos se podían acadar e, nalgúns casos como o da patata, fixeron minguar considerablemente

o resultado final. Só as explotacións que comercializan directamente os seus produtos lograron manter o nivel de prezos habitual e venderon sen tantos problemas como as que recorren a intermediarios.

En primavera, o comezo da campaña veu con moita auga, o que fixo difícil traballar a horta ao aire libre. Ademais, as baixas temperaturas dacadalo da primavera e do verán atrasaron a maduración das hortalizas e, ao frío, seguiu unha vaga de calor que acelerou a floración nalgúns cultivos que non chegaron a dar froito, como a xudía ou o amorodo, que tiveron producións moi baixas. Os tomates tardaron moito en madurar, e outros produtos como o brócoli, a coliflor ou o repolo, non se puideron plantar en primavera debido á persistencia das choivas.

Despois, a calor volveu afectar aos cultivos xudía e amorodo, cuxa produción mingou moito. Desta vez, os efectos negativos do cambio climático deixáronse sentir con forza no agro galego, un fenómeno ante o que os labregos e labregas senten unha absoluta indefensión e que está a provocar perdas incalculables.

Todas estas irregularidades climáticas atrasaron a saída ao mercado das hortalizas, polo que os prezos de venda que acadaron foron moi baixos con respecto ao que se agardaba. Un dos motivos de isto foi que, cando se comezaron a comercializar as hortalizas galegas, o mercado xa estaba asolagado de produtos de Portugal a prezos moito máis baixos que os locais. De aí que non só caesen os prezos, senón que mesmo foi difícil vender o produto.

Para Miguel Méndez, responsable da Dirección de



As explotacións que venden directamente os produtos resistiron mellor o impacto de comercializar a destempo

Horta, Froita e Flor do SLG, “este foi un ano para esquecer e agora toca centrarnos na seguinte campaña. Na maioría dos casos non gañamos para

remunerar o noso traballo e, nalgúns ocasións, mesmo perdemos diñeiro. E é que os custes non paran de aumentar: sementes, adubos, etc. seguen

á alza. E coas choivas seguidas ao principio, e despois no verán de seca, en moitas zonas houbo un aumento dos custes e do traballo”.

A identificación da orixe dos alimentos segue sendo unha materia pendente

Un dos factores que inflúen na mala comercialización, segundo explicou Miguel Méndez, é a deficiente identificación da orixe dos produtos no punto de venda, ocultándose datos que son fundamentais para elixir un produto ou outro, xa que os alimentos locais e do país son sempre mellor valorados que os foráneos. E iso ten doada solución con simples medidas políticas como controlar a entrada de hortalizas ou mellorando o sistema de identificación e etiquetaxe nos puntos de venda.

En canto á venda directa, mantívose mellor en prezos e comercialización, sobre todo nalgú-

nhas zonas con moita tradición en mercados locais. No sector ecolóxico, por outra banda, segue a constatare que falta produción, pois hai máis demanda que oferta. Aínda que isto sexa unha vantaxe, as explotacións de horta ecolóxica sufriron tamén as irregularidades climáticas e os aumentos dos custes de produción. Ademais, nun contexto no que os produtos convencionais tiran os prezos cara a abaixo, é máis difícil poder cobrar os produtos ecolóxicos a un prezo que reflecta os custes e teña unhas marxes dignas. A falla de circuitos estables para comercializar este tipo de produtos tampouco axuda.

As inclemencias do clima tamén minguan a produción de pataca na Limia, pero mantéñense os prezos

No sector da pataca, as irregularidades climáticas tamén deixaron un forte impacto na campaña deste ano. Segundo comenta o coordinador do SLG na Limia, Anxo Pérez Rúa, a pataca sementouse tardamente debido ás choivas da primavera. De feito, houbo explotacións que tiveron que sementar de segundas porque a pataca sementada apodreceu. Este é un dato importante, pois a pataca de semente representa o 50% dos custes de produción deste cultivo.

E tralas choivas, a seca fixo que se desenvolvesen moito as plantas pero pouco os tubérculos. Así, as patacas recollidas en setembro están sendo dun calibre normal, non grande, polo que a produción final baixará con respecto ao ano pasado. Aínda que os resultados poden variar moito dunha explotación a outra, Anxo Pérez Rúa cifrou a mingua entre un 10% e un 20% da colleita final. Se unha explotación da Limia produce uns 45.000 quilos de pataca por hectárea, este ano o rendemento pode ficar entre os 35.000 e os 40.000 quilos.

■ Meliores prezos fóra de contrato

No aspecto positivo, a calidade da pataca foi boa e os prezos mantivéronse ao baixar a produción. Neste senso, a primeira pataca recollida estase a vender por contrato a prezos entre os 12 e 15 céntimos, valores que en ocasións non chegan nin a cubrir os custes de produción. Cómpre aclarar que os produtores e produtoras asinaron contrato para vender a primeira pataca recollida e asegurarse uns ingresos iniciais. Para a colleita de novembro, agárdase poder vendela a mellores prezos fóra de contrato.

Outro aspecto positivo é que, ao haber menos colleita, os almacenistas mercarán a práctica totalidade da produción e eliminarase moi pouca no proceso de destrío (patacas desbotada por razóns de calibre ou forma).

Os prezos estáncanse nas denominacións de orixe vinícolas

Se houbese que buscar puntos en común na vendima de 2013 para as cinco denominacións de orixe galegas, estes serían un accidentado e tardío proceso por mor das choivas e o estancamento dos prezos. Así e todo, cada zona tivo particularidades.

■ **Rías Baixas e Ribeiro** Nestas DOs foi nas únicas que houbo acordos da mesa do viño. Dende o SLG, consideramos que estes acordos foron insuficientes. Sen embargo, decidimos apoialos, tras consultalo coa afiliación, porque si respondían a dúas importantes demandas. A primeira, o compromiso de pagamento da uva, rematando cunha situación na que, decotío, había que agardar un ano ou dous para cobrar tal e como ten denunciado o SLG. Ademais, con estes acordos, os axentes do sector comprometéronse a comezar a traballar no estudo dos custes de produción dende comezos de 2014 de cara a fixar un prezo obxectivo para a uva con suficiente antelación; desta maneira, comézase a erradicar o costume de que adegas merquen a uva sen terlle aínda garantido ou fixado un valor e o sector viticultor non se verá sometido á chantaxe de aceptar calquera prezo a cambio de que lle merquen a produción xa vendimada.

No caso concreto do **Ribeiro**, a pesares de terse reunido a mesa do viño en numerosas ocasións, non houbo acordo de contrato até un día antes de comezar a vendima. Deste xeito, a uva vendeuse, en moitos casos, con anterioridade á sinatura do contrato. Respecto disto, os valores estiveron en torno aos 90 céntimos por quilo para a Treixadura con 13º, que é a mellor calidade e a mellor pagada. A partir de aí, o prezos foron cara a abaixo até a Xerez e Palomino, a 40 céntimos o quilo. Por outra banda, as choivas ao comezo de outono atrasaron a vendima e propiciaron un brote grande de botrite. Isto tamén influíu no prezo final, xa que as adegas industriais que recollen esta uva clasifícanla como de segunda e aplícanlle descontos entre o 40% e o 50%. En canto á produción, baixou un 3%, quedando en 12'5 millóns de quilos.

Rías Baixas case dobrou a produción, pasando dos 17 millóns e medio de quilos de 2012 a 33 millóns. Segundo as fontes consultadas, respectáronse os valores de referencia marcados na mesa do viño para o quilo de uva albariño.

■ Na **Ribeira Sacra**, as negociacións producíronse a porta pechada entre o consello regulador e as 6 principais adegas da DO. E

o que acordaron foi manter os prezos de 2012: entre 0,90 e 1,30 euros para o quilo de uva de calidade. Vendimáronse 4.769.985 quilos, o que supón un 12'4% menos que en 2012. Á redución do 10% dos rendementos máximos por hectárea decretada polo consello regulador habería que engadir a uva que se perdeu por mor da persistencia da choiva que “favoreceu a aparición de botrite, levando a moitas adegas a rexeitar a uva afectada”, explica Belén Ledo, coordinadora do SLG en Chantada.

Outro feito salientable é que grandes adegas como Rectoral de Amandi deixaron de recoller a uva aos últimos viticultores e viticultoras que lle entraron en nómina. Para Belén, isto é consecuencia da entrada en produción dos viñedos propios plantados pola adega, que hoxe en día conta con 140 hectáreas. Nestes casos, os prezos caeron a valores de 0'70 céntimos para a uva Mencía no caso daquelas viticultoras e viticultores que tiveron que vender a particulares ao ficar sen a súa adega de referencia.

■ As inclemencias meteorolóxicas deixáronse sentir con forza en **Valdeorras**. A sarabia e as xeadas reduciron a vendima a uns 4 millóns de quilos, cando en 2012 a colleita superou os 5 millóns. Segundo informa a coordinadora do SLG en Valdeorras, Ánxeles Rodríguez, “a pesares de que a cantidade se viu reducida, a calidade deste ano é moi boa”. En canto aos prezos, Ánxeles criticou que se manteñan os do ano pasado, con 0'80 euros para a uva Mencía e 1 euro para o quilo de Godello, a pesares da baixada de produción. Polo lado positivo, “a mingua produtiva garantirá que non haxa problema para que as adegas recollan toda a uva vendimada”.

■ **Monterrei** segue a ser a irmá pequena e menos desenvolvida das DOs galegas. Alí, non hai negociacións nin se celebran mesas sectoriais e as adegas recollen a uva sen pactar previamente prezo ningún, mentres seguen sen pagar as dúas vendimas pasadas en moitos casos. O responsable do SLG na zona, Anxo Pérez Rúa, comenta que “dá igual que sexan castes autóctonas ou que non o sexan: é a adega a que decide a que prezo paga e cando o fai. A xente apanda porque a maioría non vive da viticultura, senón que a ten como actividade complementaria”. Ao peche deste Fouce, e a falla de terse publicado os datos oficiais, as previsións de vendima roldaban os 2'5 millóns de quilos.

Un decálogo para evitar que a Galiza rural arda tódolos veráns

A Asemblea Galega contra o Lume traslada á Xunta dez medidas para virar a política de prevención de incendios

Un verán máis, Galiza volveu arder. A mediados de setembro, xa ían 16.000 hectáreas arrasadas, un terzo do territorio queimado no Estado, onde arderon 37.000 hectáreas. Un suma e segue que,

dende 1988, acumula 100.000 incendios que afectaron a máis de 500.000 hectáreas, das que preto de 200.000 eran de terreo arborado. Os datos son teimudos e evidencian, de novo, que as políticas de

prevención dos incendios forestais son, necesariamente, erróneas. De aí que un grupo de organizacións, entre as que se atopa o SLG, decidisen constituír a Asemblea Galega contra o Lume¹.

A primeira acción da Asemblea Galega contra o Lume foi a de presentarlle un escrito ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, no que se achegaba unha táboa reivindicativa con dez medidas necesarias para desenvolver unha política efectiva de prevención de incendios:

1. Un ordenamento territorial acorde coas características do noso país, no que o monte ocupa uns 2/3 do territorio e coa maior densidade de núcleos de poboación de Europa. Evitar o despoboamento, o abandono dos usos tradicionais e a forestación de terras agrarias; ao tempo que se fomentan alternativas produtivas sustentábeis para o medio rural.

2. Unha nova política forestal que promova a multifuncionalidade do monte e protexa as súas funcións sociais e de ecosistema (regulación do ciclo hídrico, sumidoiro de carbono, biodiversidade).

3. Un novo Plano Forestal que contemple os montes como algo máis que subministradores de madeira barata para triturar ou queimar, que limite a expansión das especies pirófitas e alóctonas, e que promova unha silvicultura preventiva e sustentábel.

4. Incrementar os esforzos e os investimentos en prevención, que deberían ser superiores aos de extinción. Os labores de prevención, vixilancia, loita contra o lume e rexeneración deben desenvolverse durante todo o ano.

5. Desenvolver programas de rexeneración hidrolóxico-fo-



O 30 de agosto, representantes das organizacións que integran a Asemblea Galega contra o Lume -entre quen se atopaba a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba- entregaron a táboa reivindicativa no rexistro xeral da Xunta

restal nos montes queimados para evitar a perda de solo e a erosión, prohibindo a mudanza de usos e a especulación nestes terreos.

6. Labores de rexeneración da vexetación natural nas zonas queimadas.

7. Promover o incremento dos montes públicos e reforzar o papel das comunidades de montes veciñais, impedindo a súa privatización e a entrada de capital especulativo no monte.

8. Profesionalizar os equipos de prevención, detección, extinción e rexeneración nos in-

cendios, que deben estar baixo un mando único dependente da Xunta de Galicia, evitando privatizar os seus servizos.

9. Rapidez e transparencia no acceso á información sobre os lumes, poñendo a disposición da cidadanía as ferramentas informáticas e de comunicación precisas.

10. Fomentar a educación ambiental a todos os niveis para promover na sociedade valores e comportamentos compatíbeis coa preservación do medio. Formar e informar especialmente ás comunidades e propietarios de montes, para

promover o sentimento de vecello e identidade positiva entre a veciñanza e o monte.

CODA: Os incendios deberían tratarse como un “asunto de país”, fuxindo da utilización partidista, a demagogia e o curtopracismo. Ningún goberno pode resolver os lumes nunha lexislatura. Cómpre, pois, un amplo consenso político e social na loita contra os lumes.

¹Federación Ecoloxista Galega (FEG), Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), Verdegala, Sindicato Labrego Galego (SLG), Anagaci, Plataforma Fragas do Eume, Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños, Amarante, Foro Social de Cangas, Asociación Petón do Lobo.

O SLG esixe que se garanta a continuidade das explotacións afectadas polos incendios

Dende o Sindicato Labrego Galego queremos solidarizarnos con todas as persoas afectadas pola devastación dos incendios forestais que se levan producido ao longo do verán. En especial, queremos expresar o noso apoio a todas as explotacións agrarias e gandeiras que viron arder o seu medio de vida e que teñen nomes propios, como a Cooperativa Rainha Lupa, de Quilmas (parroquia do Pindo) onde foron arrasadas colmeas, invernadoiros e plantacións froiteiras; ou a comunidade de montes de Caldebarcos, na que a súa produción apícola se viu seriamente afectada ao ficar queimados a vexetación e arborado dos que se alimentan as abellas en moitos quilómetros á redonda.

O Sindicato Labrego Galego, do mesmo xeito que o fixo no seo da Asemblea Galega contra ou Lume, denuncia que os principais culpables deste desastre non son unicamente os pirómanos criminais; ademais deles, tamén son culpables os responsables políticos -nomeadamente a Xunta de Galicia- que botan o ano en teiro sen pór en marcha estratexias de prevención e que, cando chega o verán, dilapidan millóns de euros en fornecer uns dispositivos de extinción nos que se gastaría moitísimo menos se desenvolvesen axeitadas políticas forestais e de xestión do monte e do medio rural.

■ Forestacións ilegais para alimentar lumes

Dende o Sindicato Labrego Galego tamén denunciaremos que a Xunta de Galicia, ademais de culpable por omisión dunha política preventiva contra os incendios, é culpable á



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: detalle de invernadoiro destruído na cooperativa Rainha Lupa, de Quilmas; fotografía aérea do Pindo ardendo; e manifestación do 29 de setembro en Compostela

mantenta por permitir, ano tras ano e a pesares dos centos de denuncias presentadas, a violación flagrante da Lei de Montes, ficando pasiva diante dos miles de plantacións forestais realizadas en todo o país en terras onde deberían estar prohibidas ou sen respectar as distancias legais establecidas con respecto a vivendas, núcleos de poboación e outras fincas arboradas ou agrícolas.

Por iso, esiximos da Xunta de Galicia que mude unha estratexia pola que, cada ano, arden en Galiza miles de hec-

táreas e millóns de euros en danos e gastos de extinción, e faga súa a táboa reivindicativa da Asemblea Galega contra o Lume.

■ Compensación para as explotacións afectadas

A maiores, tamén esiximos que, feito o mal, ademais de rectificar teñan a decencia de habilitar axudas para que todas as explotacións agrogandeiras galegas que perderon o seu medio de vida ou viron a continuidade da súa actividade profesional seriamente

afectada polos estragos do lume, poidan repór os medios produtivos na medida do posible e vexan compensado, ademais, o lucro cesante provocado pola mingua ou extinción dos seus ingresos.

Para expresar o seu rexeitamento ás políticas de prevención de incendios da Xunta, o SLG apoiou a manifestación nacional convocada pola Plataforma en Defensa do Servizo Público de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, o pasado 29 de setembro en Compostela.

As labregas tamén apoiaron a marcha en defensa dun aborto libre e gratuíto

A Secretaría das Mulleres participou na manifestación da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto

O 28 de setembro, centos de mulleres convocadas pola Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, na que está integrado o SLG, manifestáronse en Compostela diante da ameaza de que o

ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, leve cara a adiante a súa contrarreforma da Lei do Aborto. Baixo o lema “Aborto libre e gratuíto. As mulleres decidimos”, as galegas rebeláronse contra

a pretensión do PP de destruír varias décadas de avances e conquistas legislativas dirixidas a que as mulleres poidan ser libres de decidir que é o que fan cos seus corpos ante un embarazo.

O Sindicato Labrego Galego, como organización que forma parte da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, participou de xeito activo nesta marcha de protesta. Cómpre lembrar que a reforma da Lei do Aborto ten sido unha das principais cuestións tratadas no último encontro de mulleres do SLG, celebrado a finais do ano pasado en Teo. Nese foro “este tema xerou un grande debate e indignación entre as labregas”, recorda a responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro.

María explica que “trala primeira aprobación e despenalización parcial do aborto en 1985, que deixaba fóra á maioría dos casos de interrupción do embarazo, seguimos loitando até 2010, ano no que se aprobou a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo, acadando unhas condicións mínimas de dignidade e respecto á decisión das mulleres”.

A pesares das conquistas e de que o regulamento para interromper o embarazo aínda pode mellorar, agora “Gallardón pretende suprimir a Lei do Aborto e ilegalizar esta práctica para convertela en delito, o cal constitúe unha volta cara a atrás sen precedentes. Por iso, apoiamos a manifestación, para defendermos o aborto legal, seguro e gratuíto; e polo dereito das mulleres a decidir sobre os nosos corpos”.



As labregas da secretaria das mulleres volveron saír á rúa para defender o dereito a decidir sobre os seus corpos

A prohibición do aborto provoca a morte de 70.000 mulleres cada ano

Ao remate da manifestación, varias mulleres en representación dos 65 colectivos que formamos a plataforma, leron o manifesto “Por unha vida digna, libre e desexada. Non á contrarreforma da Lei do Aborto!”.

Pódese dicir máis alto, pero non máis claro: “Reclamamos o acceso ao aborto legal, seguro e gratuíto como unha demanda de dereitos humanos, de xustiza social e de saúde pública. As mulleres somos suxeitas de dereitos con plena capacidade para tomar decisións de acordo ás nosas realidades e proxectos de vida, incluíndo a decisión de abortar ou de ser nais. As mulleres somos persoas autónomas, responsables, libres e iguais e, como tales, esiximos o dereito a decidir sobre os nosos corpos e vidas”.

As organizacións convocadoras denunciaron que “a restrición do dereito ao aborto é unha medida máis de ataque aos nosos derei-

tos sexuais e reprodutivos. Por unha banda pretenden prohibir abortar a aquelas mulleres que non queren ser nais e, en paralelo, Ana Mato, ministra de Sanidade, exclúe a mulleres soas e parellas de lésbicas do acceso á reprodución asistida no sistema público sanitario”. Diante diso, a plataforma advirte que “a restrición do aborto só produce máis mortalidade materna no mundo, pois os abortos clandestinos matan a máis de 70.000 mulleres ao ano, segundo a OMS”.

Tamén denunciaron que “a lei eliminará o suposto de malformación grave fetal ao mesmo tempo que os gobernos do Partido Popular arrasan co investimento en políticas relacionadas coa dependencia. O Goberno do PP fala de protexer a vida durante as semanas de xestación, pero abandona á súa sorte ás persoas unha vez que chegaron ao mundo”.



Nas novas actividades formativas para mulleres en Compostela (esquerda) e Betanzos (dereita) as participantes compartiron coñecementos

Mulleres intercambiando saberes nas comarcas de Compostela e Betanzos

Entre o 1 de outubro e o 5 de novembro, desenvolveuse en Compostela o curso “Mulleres intercambiando saberes”. Con esta actividade, a coordinadora do SLG na bisbarra, Lara Barro, quixo rachar coa estrutura tradicional dos cursos, nos que un ou unha docente imparte uns coñecementos, e facer que as participantes fosen ao mesmo tempo profesoras e alumnas.

Con esta premisa, aprenderon a tecer na casa de Dolores en Teo, a cociñar empanadas con Carme en Rois, a facer cremas e aceites naturais con Lidia e Pura en Vedra,

ou a elaborar iogures e queixos en Touro con Lucía e Carme.

En palabras de Lara “as mulleres estamos cheas de saberes e coñecementos cos que construímos o día a día, e con este curso conseguimos poñelos en valor e crear un espazo comarcal de encontro para coñecernos, compartir e aprender unhas das outras”.

Na comarca de Betanzos, tamén comezaron a facer actividades formativas baseadas no intercambio de experiencias entre as participantes. A primeira das xornadas

tivo lugar no local social da Condese, cedido polo concello de Betanzos, o 15 de outubro, e estivo centrada na elaboración de produtos caseiros. En concreto, Antonia e Xosefa, ambas de Abegondo, fixeron unha demostración de como facer queixos; e Toñita, de Irixoa, ensinou a elaborar diversas castes de licores.

O 22 de outubro a xornada, tamén en Betanzos, estivo centrada nos transxénicos; mentres que ao día seguinte, en Moche, falouse da reforma das pensións e da titularidade compartida.

A secretaría das mulleres participou na xornada “Feminismo en obras”

A Secretaría das Mulleres do SLG participou na xornada “Feminismo en obras”, que se celebrou en Narón (A Coruña), o pasado 5 de outubro. O nome da xornada expresaba a intención de “localizar e derrubar o que xa non serve, deseñar e levantar novos espazos e, en definitiva, traballar para seguir construíndo feminismo entre todas, abrir un tempo de reflexión sobre o que leva percorrido o feminismo e atopar o novo camiño”.

Neste marco, fixéronse as seguintes mesas: “Ataques ao feminismo, retroceso ideolóxico”, con Belén Puñal e Teresa Moure de relatoras; “Situación das mulleres nos servizos, nos espazos e no consumo”, con Eva Solla, Ana María Novas e Isabel Vilalba; “Saúde e dereitos reprodutivos”, con Lola Ferreiro e Natalia Domínguez; e “Feminismo en obras: alternativas e alianzas”, con Carme Adán, Lidia Senra, Chus Boo e Paloma Rodríguez.



Lidia Senra estivo na palestra “Feminismo en obras: alternativas e alianzas” xunto a Carme Adán, Chus Boo e Paloma Rodríguez

Devolución parcial do imposto sobre o gasóleo agrícola

Dende o Sindicato Labrego Galego, lembramos ás persoas que aínda non o solicitaron, que estará aberto até o 31 de decembro de 2013 o prazo para solicitar a devolución parcial do imposto sobre o gasóleo agrícola consumido no transcurso do ano 2012, cos mesmos requisitos que nos anos anteriores.

As solicitudes poderán realizarse de forma telemática dende calquera local do Sindicato Labrego Galego. Para a tramitación será necesario traer:

- ▶ Copia do NIF da persoa solicitante.
- ▶ Copia da documentación da maquinaria agrícola na que se consumiu o gasóleo.
- ▶ Facturas de cada subministro (no caso da utilización de cheques-gasóleo, a suma das cantidades subministradas e facturadas por cada subministrador).
- ▶ Código de identificación de minorista do subministrador.
- ▶ Datos da conta bancaria na que haxa que facer o ingreso da devolución.

Novas normas para rexistrar o gando ovino e caprino

Publicouse no Boletín Oficial do Estado o real decreto 685/2013 que establece un novo sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, que entrou en vigor o 1 de outubro. Este real decreto substitúe ao anterior de 2005, e establece como unha das súas principais novidades a posibilidade dunha marca auricular electrónica en lugar do bolo ruminal. As identificacións feitas conforme ao sistema anterior continuarán sendo plenamente válidas. Os libros de explotación tamén seguirán valendo os mesmos, aínda que a Consellería do Medio Rural poderá determinar a súa modificación en calquera momento.

O artigo 4 di que os animais nados despois do 9 de xullo de 2005 serán identificados mediante unha marca auricular e un

identificador electrónico, que consistirá nun crotal de plástico na orella dereita do animal. O identificador electrónico será un bolo ruminal que, con previa autorización, poderá ser substituído unha marca auricular electrónica; ademais, no caso do caprino, o bolo ruminal tamén poderá ser substituído por unha marca electrónica na extremidade inferior dereita ou por un inxectable no metatarso dereito. Os medios de identificación se colocarán nos animais nun prazo máximo de 6 meses a partir do seu nacemento e sempre antes de que abandone a explotación. Este prazo poderase ampliar a 9 meses para animais de gandería extensiva, previa autorización. A maiores, titulares ou posuidores/as de animais deberán levar un libro de rexistro de explotación actualizado. Máis información nas oficinas do SLG.

As mulleres poden solicitar a titularidade compartida na explotación familiar na que traballen

Dende a Secretaría das Mulleres do SLG, lembramos que as labregas poden que non son titulares da explotación na que traballan poden solicitar a titularidade compartida.

Darse de alta como cotitular nunha explotación supón a valoración do traballo da labrega e, ademais, o recoñecemento dos dereitos

da muller na explotación.

Con esta lei, os rendementos da explotación repartiranse ao 50%, así como calquera axuda ou pagamento que reciba a explotación, o que tamén suporá melloras na fiscalidade das explotacións.

Ademais, as bases reguladoras de subvencións financiadas pola administra-

ción xeral do Estado dan un trato preferente para beneficiar ás explotacións coa titularidade compartida. Ademais, todas as disposicións, planos e programas elaborados por esta administración en materia de agricultura, medio rural e medio ambiente toman en consideración as medidas incentivadoras e de fomento

da titularidade compartida.

Para que unha labrega se poida dar de alta como titular dunha explotación xunto ao seu cónxuxe, é necesario que estea dada de alta na Seguridade Social, traballar de xeito directo e persoal na actividade agraria e residir no ámbito da explotación. Ademais, cómpre inscribirse no rexistro que para tal

fin puxo en marcha a Xunta de Galicia, achegando os datos persoais, os da explotación e os dos bens e dereitos ligados a esa explotación, os da conta bancaria da explotación, e o certificado de matrimonio ou de parella de feito, entre outros.

Anímate e acode ao local do SLG da túa comarca, onde de daremos toda a información, asesoramento e apoio que precises para que poidas ser titular na túa explotación!

**TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA MULLERES**



016

**Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.**

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Xovencas frisoas.
Chamar ao 639 503 210

Véndese

-Becerro de raza Frisoa con moi boa xenética e 2 anos de idade. Na zona de Cabanas (A Coruña).
Chamar ao 981 446 501

Véndese

-Rotoempacadora JOHN DEERE 570.
-Todoterreo MITSUBISHI 2500.
Chamar ao 609 311 416

Véndese

-Becerras e becerras rubias para recría. No Covelo (Pontevedra).
Chamar ao 626 442 294

Véndese

-Rolos de herba seca.
Chamar ao 662 046 862

Véndese

-Tractor EBRO 470, con dirección hidráulica, dobre embrague e cabina con porta.
Chamar ao 650 019 275

Véndese

-Carretilla elevadora TOYOTA mod. 2.500 Kg.
-Pincho para rulos.
Chamar ao 650 019 275

Véndese

-Xatas frisoas. En Portomarin.
Chamar aos números de teléfono 982 034 032 e 697 422 304

Véndese ou alégase

-Propiedade en Trascastro (concello de Castroverde, Lugo) con 26 hectáreas de superficie e con auga propia na maioría das parcelas, o que dá a posibilidade de ter as vacas fóra. Inclúe 2 casas, unha delas nova (Pataqueiro nº 4), eira de mallar con varios alpendres e tractor seminovo con varios apeiros.
Chamar ao 982 312 386

Véndese

-Sala de muxido de 6 puntos marca Gascoine. Trifásica con lavadora automática

-Tanque de frío de 1.000 litros marca Portinos.
Preguntar por Moisés no teléfono 690 679 482, a partir das 8 da tarde.

Véndese

-Leña para cociña, calefacción, cheminea, churrasqueira e panadaria. Servizo a domicilio. Boa relación de calidade, cantidade e prezo.
Chamar aos números de teléfono 619 506 171 e 648 714 898

Véndese

-Segadora BCS 404, de 4 discos.
-Segadora CAMON BCS, como nova.
-Fresadora AGRATOR 1,60.
-Grade de discos de 16, en mal estado.
Chamar ao 656 349 743

Véndese

-Xovencas de raza Frisoa.
Chamar ao seguinte número de teléfono: 639 626 891

Véndese

-Arado subsolador marca Yimpa
-Caldeira de calefacción a gasóleo marca Ferrol
-Tractor Massey Ferguson 165
Chamar ao 696 004 515

Véndese

-Ovellas de raza galega. Novas e preñadas. Por sobrecarga gandeira.
Chamar aos números de teléfono 685 472 860 e 653 687 921

Véndese

-Tractor Case Internacional 744 (75 CV) dobre tracción. En bo estado. Prezo: 6.500 €. Na zona de Compostela.
Preguntar por Xosé no número de teléfono 616 635 941

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Tractor NEW HOLLAND TS100, de 100 CV, motor de 4 cilindros con turbo, cambio de 16 velocidades baixo carga, inversor electrohidráulico, cabina en bo estado con asento pneumático, base xiratoria e aire acondicionado. En bo estado e moi manexable. En Cesuras (A Coruña). Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Tractor EBRO 684. En bo estado: distribuidor hidráulico con múltiples funcións, ITV e documentación ao día. Regálanse 4 rodas dianteiras. Cabrestante dianteiro mecánico con moita forza. Prezo: 4.900 €. En Cesuras (A Coruña). Chamar ao 648 583 470

Véndese

-Vacas de leite e xovencas por peche de explotación. En Enveande, San Fiz (Monfero, A Coruña). Chamar ao 981 788 216

Véndese

-Invernadoiro multicanal de 900 metros na zona de Silleda.
-Pedra rosada en pequena cantidade.
Preguntar por Lourdes no teléfono 659 256 190

Véndese

-Uva Mencía con D.O. Ribeira Sacra.
-Xatas frisoas.
En Portomarín (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 034 032 e 697 422 304

Véndese

-Camión IVECO para transporte de animais vivos. En perfecto estado. Ano 1995. Con porta traseira eléctrica e cable de carga con mando a distancia. Caixa de aluminio. Por xubilación. Zona de Ordes (A Coruña). Chamar ao 629 640 690

Véndese

-Cachorros de mastín pura raza.
-Volkswagen Golf serie 2 GTD Diesel en bo estado e con enganche de remolque.
Chamar ao 626 194 490

Véndese

-Arado de discos de 3 regos.
Chamar ao 605 870 030

Véndese

-Postes de formigón de 1,75 para cercas con arame.
-Sulfatadora ANFER de 400 litros.
Chamar ao número de teléfono 636 269 472

Véndese

-Tractor EBRO 160. Dobre embrague. Perfecto estado con ITV ao día. Prezo 2.500 €.
Preguntar por Xabier no número de teléfono 696 647 118

Véndese

-Cabalo galego de monte capado, de 6 anos de idade. Moi barato. Na zona do Courel.
Chamar ao 617 211 528

Véndese

-Cachorros de mastín. No concello de Friol (Lugo).
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Subsolador de patacas de 2 regos, marca GRIMME.
-Arado de dúas pas marca ATH-14.2/98
-Repatriador de abono marca CIMA con muíño horizontal.
Chamar aos números de teléfono 696 712 367 e 606 747 512

Véndese

-Eguas de pura raza española. Na zona de Muras.
Preguntar por Carlos no número de teléfono 600 425 038

Véndese

-Circuíto de muxido de 2 puntos, marca MIELE.
Chamar ao 620 338 362

Véndese

-Arrincadora de patacas marca GRIMME, con moega (tolva) alta e di-rección.
-Motores de regadío con potencias de 14 e 19 CV.
Chamar ao 988 462 783

Véndese

-5 xovencas frisonas próximas ó parto, fillas de touros probados.
Chamar aos números de teléfono 982 330 429 e 627 911 381

Véndese

-Autocargador picador PÖTTINGER Boss II, de maio de 2006. Moi bo estado. En Lánacara (Lugo).
Preguntar por Miguel no número de teléfono 606 508 189

Véndese

-Autocargador e aboadora.
Chamar ao 981 793 343

Véndese

-Arrincadora de patacas marca GRIMME con moega ("tolva") alta. Económica.
-Rotovator marca AGRIC de 2'30 metros de corte.
-Volkswagen Golf GTD Serie 3. Cor branca. 3 portas. En bo estado
Chamar ao 620 348 678

Véndese

-Viño branco do Rosal, con variedades Albariño, Loureira e Caiño Branco. Colleita 2012.
-Augardente branca e de herbas, e licor café.
Chamar ao 678 085 696

Véndese

-Malladora Campeba. Serve para limpar todos os cereais. En Beseño (Touro).
Chamar ao 981 191 327

Véndese

-Máquinas de limpar.
-Muíño de tractor.
-Muíño de corrente.
-Arado gravante. No Corgo (Lugo).
Chamar ao 648 718 864

Véndese

-4 xovencas frisoas preñadas en Friol (Lugo).
Chamar ao 673 012 807

Véndese

-2 vacas rubias.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

-Años que pacen.
Na zona de Betanzos (A Coruña)
Chamar ao 670 895 789

Véndese e transportase

-Palla, alfalfa e forraxe de avea.
Chamar ao 689 008 183

Véndese

-Tractor New Holland TNF 75
Chamar ao 629 829 945

Véndese

-Remolque para motocultor. En bo estado.
Chamar ao 625 214 152

Véndese ou alúganse

-Invernadoiros. Un de 800 m² e o outro de 2.200 m²
Chamar ao 690 299 770

Véndese

-Grellas de fundición 0.90 x 0.80. En perfecto estado. Zona Compostela.
Chamar ao 690 064 010

Véndese

-Xatas e vacas por peche de explotación.
Chamar ao 626 120 500

Véndese

-Tanque Packo d 2.200 litros, trifásico con lavado automático.
-Sala de muxido de 4 puntos Manus, con medidores volumétricos e pulsación electrónica.
-Silo de penso de 10.000 quilos.
Chamar ao 661 332 991

Véndese

-Rolos de silo.
Chamar aos números de teléfono 982 520 399 e 637 049 929

Véndese

-Rotoempacadora Morra.
-Rotativa Krohne de 1,9 m.
-Estendedor Khun de 5,20 m.
Preguntar por Xabier no teléfono 620 171 952 (zona de Lugo)

Véndese

-Rolos de silo e herba seca.
Chamar aos números de teléfono 610 472 095 e 982 505 798

Véndese

-Rotoempacadora Claas Variant 46"
Chamar ao 633 328 519

Véndese

-Tractor Fiat modelo 880 simple.
Chamar ao 676 168 523

Véndese

-Tractor Ebro 470 con pa.
-Fresadora de 2 m.
-Estendedor Stoll 330.
-Autocargador.
Chamar ao 667 469 962

Véndese

-Fresadora intercepas con 14 horas de uso. En Quiroga (Lugo). Prezo: 3.800 euros.
Preguntar por Álvaro no 625 134 456

Véndese

-Desensiladora marca BVL, dobre coitela. Recén reparada. -Tractor Barreiros antigo de 52 cabalos en moi bo uso. -Coche Citroen BX-19 Zona de Friol (Lugo)
Chamar aos números de teléfono 982 183 019 e 628 785 466

Véndese

-Cisterna de 5.000 litros, Marca CARUXO, en bo estado.
Chamar ao 686 577 685

Véndese

-Rolos de herba seca en Cesuras (A Coruña)
Chamar ao 981 790 331

Véndese

-Tella usada (antiga). Zona de Boimorto.
Chamar ao 646 342 720

Véndese

-Touro pasteiro de 4 anos de idade moi manual. Respecta o pastor eléctrico. Na zona de Cesuras (A Coruña).
Chamar ao 616 013 367

Véndese

-Estrutura de invernadoiro en moi bo estado. No Barco de Valdeorras.
Preguntar por Andrés no teléfono 637 190 667

Véndese

-Abono de galiña de viruta por encarga. Zona de Betanzos.
Chamar aos números de teléfono 619 267 520 ou 981 798 164

Véndese

-Tractor Goldoni con remolque, arados, fresadora e cultivadora. Documentado.
-Segadora. (en Mondoñedo)
Chamar ao 666 602 380

Véndese

-Tractor New Holland M100, 125 CV, aire acondicionado, 6 tomas hidráulicas. Seminovo, bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 655 980 919 e 629 991 086

Véndese

-Vacas e xatas. Medias da explotación: Tipo: 80 puntos / Lactacións a 305 días: 1027.6 / ICO Novembro 2012: 1647. Na zona de Monfero
Chamar ao 650 322 719

Véndese

-Porcos cebados na casa.
-Augardente tostada e de herbas.
-Millo do país.
Chamar aos números de teléfono 986 586 916 e 679 677 373

Véndese

-Xovenca parda preñada. (Mesía).
Preguntar por Ana no 625 054 110

Véndese

-Cuba de viño de aceiro, seminova. Capacidade: 1.500 litros.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

OFERTA E DEMANDA EMPREGO

Mércase

-Encintadora que poña os rolos de punta.
Chamar ao 676 168 523

Mércase

-Finca para plantar viñedo na ribeira do Ulla (concellos de Vedra ou A Estrada). Superficie mínima de 1 hectárea.
Chamar ao 607 480 358

Mércase

-Motocultor de 12 cabalos.
Chamar ao 981 196 432

Mércase

-Tractor SAME LASSER 100 ou 110
Preguntar por Xosé Luís no número de teléfono 638 067 100

COMPRAS E OUTROS

Ofrécese

-Traballador para explotación agraria. Persoa seria e responsable. Disponibilidade total de horario e desprazamento. Para Cesuras e concellos da zona.
Chamar ao 676 960

Fanse

-Traballos agrícolas e forestais. Zona de Betanzos.
Chamar aos números de teléfono 619 267 520 ou 981 798 164

Alúgase

-Finca de 30 hectáreas no concello de Oza dos Rios, parroquia de Rodeiro, no lugar de A Naveira.
Chamar ao 625 767 300

Busco traballo

-como peón agrícola para explotacións no concello de Ordes e arredores. Dispoño de tódolos carnés de conducir necesarios.
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 646 409 353



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Bernardo Estévez, viticultor de Arnoia e responsable da Dirección do Viño do SLG

Dende mozo, Bernardo tivo a súa vida laboral solucionada traballando no taller mecánico do pai no barrio de Coia, en Vigo. Mais a memoria do sangue turrou por el cara ás terras dos seus devanceiros en Arnoia, e cara a unha tradición perdida no xeito de traballar as viñas que se remonta séculos atrás. Se cadra, a viticultura do século XXI xa se practicaba no XIX e esquecemos a súa esencia por unha mal entendida modernidade. Puidemos comprobalo con este arqueólogo do viño que resucita co seu paciente traballo as esencias do Ribeiro.

“O meu viño é un reflexo auténtico das terras de Arnoia e do Ribeiro”

■ **Como acaba un mecánico vigués facendo viño en Arnoia?**

Foi algo paulatino. Hai trece anos, mentres traballaba no taller en Vigo, xa viña as fins de semana ao Ribeiro para comezar a plantar as viñas. Ao principio, vendía a uva para fóra. Cando deixei Vigo para vir vivir a Arnoia e facer viño, xa tiña experiencia e os viñedos en produción.

■ **Pero como puido xurdir en ti a vocación pola viticultura?**

A miña relación co mundo do viño vén de vello. Meu avó tiña viñedos e adega propia de colleiteiro. Miña nai tamén tiña viñas e eu, dende os catro anos, xa tiven relación coa viticultura. Sería aos 28 cando sentín verdadeiro interese e empecei a ler libros sobre o tema amais de facer labores que antes non facía, como podar as vides. Foi así como me decatei que quería mudar o meu xeito de vida e dedicarme á viticultura.

■ **Daquela, xa tiñas unha base material para empezar.**

Non. Ao comezo, partín de cero facendo viñedos propios, comprando terras e plantando; non utilice as viñas da familia. Só cando decidín vir vivir a Arnoia, hai seis anos, adoptei os viñedos familiares.

■ **E non tiveches problema en incorporar as vellas plantacións ao teu proxecto vitícola?**

Aínda que non mudou moito o xeito de traballar as viñas, si mudei a filosofía. Abandonei toda orientación cara a un viño industrial e apostei por unha viticultura

natural e biodinámica na que non utilizo agroquímicos. A estrutura das antigas viñas segue sendo a mesma, con algúns cambios ao facer enxertos para recuperar castes autóctonas case desaparecidas.

■ **Vexo moita diversidade de fincas e de uvas.**

É certo. Teño varios viñedos repartidos entre o Val de San Vicente e o Val de San Amaro, en Arnoia, que suman case dúas hectáreas e media. En canto ás castes, cultivo 16 variedades: 9 tintas e 7 brancas.

■ **Que viño xorde de tanta caste?**

Eu non fago viños monovarietais nin baseados en porcentaxes de uva. O meu viño é como o que se elaboraba no pasado no Ribeiro, con moita mestura de uva e diversas procedencias das distintas zonas dos vales. É un xeito de facer o viño na propia viña e non na adega.

■ **Explícame iso.**

O equilibrio que alcanzan os meus viños constrúese dende as cepas. O produto final é resultado de irse compensando cos distintos tipos de solo, de orientación, de uva; acaando con esa mestura o equilibrio de acidez, madurez e estrutura desexados.

■ **Fálame entón dese produto final que sae da túa adega.**

Produzo cada ano unhas 3.000 botellas de branco coa marca Issué. Tamén fago un tinto, Mai, que elaboro dende 2011 e comezarei a comercializar a finais de 2013, pois o teño entre un ano e medio e dou na adega para que madure.

■ **Este xeito de traballar pouco ten que ver coa homoxeneización á que nos teñen afeitos.**

Eu tento retrotraerme ao século XIX, cun traballo semellante ao que se facía daquela na viña, adaptándoo aos nosos tempos con matices novos, todo baseado na experiencia. Velaí un dos problemas da nosa viticultura: a ruptura xeracional que non soubo transmitir os coñecementos tradicionais.

■ **É rendible unha aposta tan radical pola calidade?**

A curto prazo, non. O ideal sería que eu agora non tivese que facer todo este traballo de observación, ensaios, apertura de mercados, etc. En rexións vinícolas máis desenvolvidas, como Burdeos ou Borgoña, todo ese traballo xa vén feito: a túa familia deixouche unhas viñas, unha marca de viño, unha maneira de facer as cousas e a sabedoría necesaria para facelas. O problema nas denominacións de orixe galegas é que non houbo esa transmisión de saberes, polo que experiencias como a miña deben partir de cero.

■ **Cal é o resultado que acadas con esta aposta pola tradición e a calidade?**

Un viño respectuoso coa miña zona, co solo, co clima, coas variedades de uva, cos vales. O meu viño é un reflexo auténtico da terra de Arnoia e do Ribeiro, a pesares de que non se pareza a ningún Ribeiro que se elabore hoxe en día. Só emprego uvas autóctonas de aquí, cultivadas e traballadas aquí, sen abonos externos ou fitosanitarios. É un viño fiel ao seu territorio e natural. Considero isto último importante pois o viño, como alimento que é, debe ser san.

